**SESIÓN ORDINARIA DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO PLENO DE DATA CINCO DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES**

***SESIÓN ORDINARIA DEL EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO PLENO DE FECHA CINCO DE OCTUBRE DE DOS MIL VEINTITRÉS***

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 5 de outubro de 2023. Baixo a presidencia da **Excma. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García,** e coa asistencia dos edís:

*En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 5 de octubre de 2023. Bajo la presidencia de la **Excma. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García,** y con la asistencia de los ediles:*

**GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (PP)**

D. Miguel Lorenzo Torres
D. Roberto Rodríguez Martínez
D.ª Rosalía López Sánchez
D.ª Judit Fontela Baró
D.ª Susana Catalán Morcillo
D. Gonzalo Mora do Campo
D. Carlos San Claudio Yáñez
D.ª Carmen María No Varela
D. Roberto García Fernández
D. Antonio Deus Álvarez
D. Roberto Luis Coira Andrade
D. Jose Ramón Amado de la Fuente

***GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR (PP)***

*D. Miguel Lorenzo Torres*
*D. Roberto Rodríguez Martínez*
*D.ª Rosalía López Sánchez*
*D.ª Judit Fontela Baró*
*D.ª Susana Catalán Morcillo*
*D. Gonzalo Mora do Campo*
*D. Carlos San Claudio Yáñez*
*D.ª Carmen María No Varela*
*D. Roberto García Fernández*
*D. Antonio Deus Álvarez*
*D. Roberto Luis Coira Andrade*
*D. Jose Ramón Amado de la Fuente*

**GRUPO MUNICIPAL DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE)**

D. José Manuel Lage Tuñas
D.ª Eudoxia María Neira Fernández
D. Gonzalo Henrique Castro Prado
Dª. Nereida María Canosa Domínguez
D. Francisco Dinís Díaz Gallego
D.ª Noemí Díaz Vázquez
D. Manuel José Vázquez Martínez
D.ª Diana María Sobral Cabanas
D. Juan Ignacio Borrego Vázquez
D.ª Montserrat Paz Romero

***GRUPO MUNICIPAL DE LOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE)***

*D. José Manuel Lage Tuñas*
*D.ª Eudoxia María Neira Fernández*
*D. Gonzalo Henrique Castro Prado*
*Dª. Nereida María Canosa Domínguez*
*D. Francisco Dinís Díaz Gallego*
*D.ª Noemí Díaz Vázquez*
*D. Manuel José Vázquez Martínez*
*D.ª Diana María Sobral Cabanas*
*D. Juan Ignacio Borrego Vázquez*
*D.ª Montserrat Paz Romero*

**GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**

D. Francisco Xesús Jorquera Caselas

***GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)***

*D. Francisco Xesús Jorquera Caselas*

D.ª Avia Veira González
D.ª María Mercedes Queixas Zas
D. David José Soto Díaz

*D.ª Avia Veira González*
*D.ª María Mercedes Queixas Zas*
*D. David José Soto Díaz*

reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

*se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión ordinaria en primera convocatoria.*

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal.**

*Da fe del acto el infrascrito **secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, hallándose además presente el **interventor general, don Ángel David Murado Codesal.***

Ás dez horas e oito minutos, a Presidencia declara aberta a sesión e pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

*A las diez horas y ocho minutos, la Presidencia declara abierta la sesión y se pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.*

## I – PARTE RESOLUTIVA

## *I – PARTE RESOLUTIVA*

### ASUNTO 1

### *ASUNTO 1*

### 104. Comunicacións da Alcaldía

### *104. Comunicaciones de la Alcaldía*

**Intervencións**

***Intervenciones***

**Presidencia**

***Presidencia***

Bo día a todos e a todas, benvidos á sesión plenaria correspondente ó mes de outubro. Saudamos a todos os membros da Corporación, señor secretario xeral, señor interventor, persoal municipal que nos acompaña, xornalistas acreditados así como a aqueles que nos seguen a través da Tribuna do Público e do sinal do *streaming* municipal.

*Buenos días a todos y a todas, bienvenidos a la sesión plenaria correspondiente al mes de octubre. Saludamos a todos los miembros de la Corporación, señor secretario general, señor interventor, personal municipal que nos acompaña, periodistas acreditados así como a aquellos que nos siguen a través de la Tribuna del Público y de la retransmisión municipal.*

Iniciamos este pleno coa Parte Resolutiva. Asunto número un, señor Secretario.

*Iniciamos este pleno con la Parte Resolutiva. Asunto número uno, señor Secretario.*

**Señor Secretario**

***Señor Secretario***

Comunicacións da Alcaldía.

*Comunicaciones de la Alcaldía.*

**Presidencia**

Ben, nas comunicacións da Alcaldía, o asunto número un vén referido á moción aprobada o pasado 14 de setembro de 2015 onde se acordou por unanimidade iniciar cada pleno ordinario agardando tantos minutos de silencio como persoas fosen asasinadas polo machismo desde o anterior pleno.

Destacar que segundo datos da Delegación do Goberno contra a violencia de xénero, o número de mulleres asasinadas por violencia de xénero en España ascende a 50 mulleres no ano 2023 e a 1.234 desde o 1 de xaneiro de 2003, data en que comezan os rexistros. O número de menores asasinados ou asasinadas ascende a un no ano 2023 e a 49 desde o 1 de xaneiro do ano 2013, quedando 427 menores orfas e orfos desde 2013, 50 deles no ano 2003.

Dende o pasado Pleno do 7 de setembro ata o Pleno de hoxe, 5 de outubro, confirmáronse 8 mulleres asasinadas por violencia de xénero. Os seus nomes son os seguintes:

- O 3 de setembro de 2023 unha muller de nome e apelidos non coñecidos, de 71 anos en Girona.

- O dez de setembro de 2023, Sandra, de apelidos non coñecidos, de 37 anos en Granada.

- O 15 de setembro de 2023, Suzan Ann, de apelidos non coñecidos, de 80 anos en Alicante.

- O 15 de setembro de 2023, Nicoleta María Lupo, de 51 anos, en Castellón. Tiña un fillo maior de idade.

- O 16 de setembro de 2023, Hanane, de apelidos non coñecidos de 35 anos, en

***Presidencia***

*Bien, en las comunicaciones de la Alcaldía, el asunto número uno viene referido a la moción aprobada el pasado 14 de septiembre de 2015 donde se acordó por unanimidad iniciar cada pleno ordinario esperando tantos minutos de silencio como personas fueran asesinadas por el machismo desde el anterior pleno.*

*Destacar que según datos de la Delegación del Gobierno contra la violencia de género, el número de mujeres asesinadas por violencia de género en España asciende a 50 mujeres en el año 2023 y a 1.234 desde el 1 de enero de 2003, fecha en que comienzan los registros. El número de menores asesinados o asesinadas asciende a uno en el año 2023 y a 49 desde el 1 de enero del año 2013, quedando 427 menores huérfanas y huérfanos desde 2013, 50 de ellos en el año 2023.*

*Desde el pasado Pleno de 7 de septiembre hasta el Pleno de hoy, 5 de octubre, se confirmaron 8 mujeres asesinadas por violencia de género. Sus nombres son los siguientes:*

*- El 3 de septiembre de 2023 una mujer de nombre y apellidos no conocidos, de 71 años en Girona.*

*- El diez de septiembre de 2023, Sandra, de apellidos no conocidos, de 37 años en Granada.*

*- El 15 de septiembre de 2023, Suzan Ann, de apellidos no conocidos, de 80 años en Alicante.*

*- El 15 de septiembre de 2023, Nicoleta María Lupo, de 51 años, en Castellón. Tenía un hijo mayor de edad.*

*- El 16 de septiembre de 2023, Hanane, de apellidos no conocidos de 35 años, en*

Murcia. Tiña unha filla menor de idade.

*Murcia. Tenía una hija menor de edad.*

- O 17 de setembro de 2023, Laura, de apelidos non coñecidos, de 41 anos en Tarragona.

*- El 17 de septiembre de 2023, Laura, de apellidos no conocidos, de 41 años en Tarragona.*

- O 24 de setembro de 2023, Miguela, de apelidos non coñecidos, de 35 anos, en Madrid. Tiña unha filla e un fillo menoresde idade e unha filla maior de idade.

*- El 24 de septiembre de 2023, Miguela, de apellidos no conocidos, de 35 años, en Madrid. Tenía una hija y un hijo menoresde edad y una hija mayor de edad.*

- O 28 de setembro de 2023, Sandra, de apelidos non coñecidos, de 41 anos, en Toledo. Tiña dous fillos menores de idade.

*- El 28 de septiembre de 2023, Sandra, de apellidos no conocidos, de 41 años, en Toledo. Tenía dos hijos menores de edad.*

Polo tanto, a Corporación gardará oito minutos de silencio.

*Por lo tanto, la Corporación guardará ocho minutos de silencio.*

**(Gárdanse oito minutos de silencio).**

***(Se guardan ocho minutos de silencio).***

**Intervencións**

***Intervenciones***

**Presidencia**

***Presidencia***

Continuamos coa orde do día. Señor secretario. Asuntos 2, 3, 4 e 5, correspondentes ó Servizo de Planeamento e Xestión do Solo, Área de Economía e Planificación Urbana.

*Continuamos con el orden del día. Señor secretario, asuntos 2, 3, 4 y 5, correspondientes al Servicio de Planeamiento y Gestión del Suelo, Área de Economía y Planificación Urbana.*

**Señor Secretario**

***Señor Secretario***

Asunto número dous, Ratificación do convenio mixto de planeamento e execución para os efectos de estudiar unha nova ordenación da marxe dereita do Sector 10 Parque Ofimático.

*Asunto número dos, Ratificación del convenio mixto de planeamiento y ejecución a los efectos de estudiar una nueva ordenación de la margen derecha del Sector 10 Parque Ofimático.*

Asunto número tres, Aprobación definitiva da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Coruña no ámbito do polígono O30.2 avenida Joaquín Planells Riera, para a execución da sentenza número 151/2016 do TSXG.

*Asunto número tres, Aprobación definitiva de la modificación puntual del Plan General de Ordenación Municipal de A Coruña en el ámbito del polígono O30.2 avenida Joaquín Planells Riera, para la ejecución de la sentencia número 151/2016 del TSXG.*

Asunto número catro, Aprobación

*Asunto número cuatro, Aprobación*

definitiva do Estudo de Detalle na esquina da avenida Alcalde Pérez Ardá con rúa Montevideo.

*definitiva del Estudio de Detalle en la esquina de la avenida Alcalde Pérez Ardá con calle Montevideo.*

Asunto número cinco, Aprobación definitiva do Estudo de Detalle para a ordenación de volumes na parcela do IES Plurilingüe Elviña.

*Asunto número cinco, Aprobación definitiva del Estudio de Detalle para la ordenación de volúmenes en la parcela del IES Plurilingüe Elviña.*

**ÁREA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN URBANA**

***ÁREA DE ECONOMÍA Y PLANIFICACIÓN URBANA***

**Servizo de Planeamento e Xestión do Solo**

***Servicio de Planeamiento y Gestión del Suelo***

**ASUNTO 2**

***ASUNTO 2***

**105. Expte. 620/2022/463**
**Ratificación do convenio mixto de planeamento e execución para os efectos de estudiar unha nova ordenación da marxe dereita do Sector 10 Parque Ofimático.**

***105. Expte. 620/2022/463***
***Ratificación del convenio mixto de planeamiento y ejecución a efectos de estudiar una nueva ordenación de la margen derecha del Sector 10 Parque Ofimático.***

Este asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral en sesión celebrada o día 2 de outubro de 2023, cos votos favorables dos Grupos Municipais Socialista e do BNG, e a abstención do Grupo Municipal Popular, propoñéndose ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

*Este asunto fue dictaminado por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General en sesión celebrada el día 2 de octubre de 2023, con los votos favorables de los Grupos Municipales Socialista y del BNG, y la abstención del Grupo Municipal Popular, proponiéndose al Pleno Municipal la adopción de los acuerdos siguientes:*

PRIMEIRO: Ratificar o Convenio Mixto de Planeamento e Execución para os efectos de estudiar unha nova ordenación da marxe dereita do Sector 10 Parque Ofimático, asinado polos propietarios das parcelas nº 4 o 1/03/2023 (CSV 6X5U3D650C2Z461P0HGB), da parcela nº 5 o 1/03/2023 (CSV 0B3V553V2W1Z4Q3H010T) e da parcela nº 9 o 6/03/2023 (CSV 1V29694Z0K293D2X0C1X).

*PRIMERO: Ratificar el "Convenio Mixto de Planeamiento y Ejecución para los efectos de estudiar una nueva ordenación del margen derecho del Sector 10 Parque Ofimático", firmado por los propietarios de las parcelas nº 4 el 1/03/2023 (CSV 6X5U3D650C2Z461P0HGB), de la parcela nº 5 el 1/03/2023 (CSV 0B3V553V2W1Z4Q3H010T) y de la parcela nº 9 el 6/03/2023 (CSV 1V29694Z0K293D2X0C1X).*

SEGUNDO: Facultar tan amplamente como sexa posible ao concelleiro

*SEGUNDO: Facultar tan ampliamente como sea posible al concejal delegado*

delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana para realizar cantos actos de impulso procedimental sexan necesarios para o perfeccionamento e formalización do dito Convenio.

*responsable del Área de Economía y Planificación Urbana para realizar cuantos actos de impulso procedimental sean necesarios para el perfeccionamiento y formalización del dicho Convenio.*

TERCERO: Notificar este acordo aos propietarios das anteditas parcelas para que, dentro do prazo de quince días seguintes á súa notificación, comparezan nas dependencias municipais para a sinatura da ratificación do Convenio e a súa formalización en documento administrativo.

*TERCERO: Notificar este acuerdo a los propietarios de las parcelas indicadas para que, dentro del plazo de quince días siguientes a su notificación, comparezcan en las dependencias municipales para la firma de la ratificación del Convenio y su formalización en documento administrativo.*

CUARTO: Publicar o Convenio e este acordo de aprobación no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 403 do Decreto 143/2016, e incorporalo ao Rexistro de Convenios municipal.

*CUARTO: Publicar el Convenio y este acuerdo de aprobación en el Diario Oficial de Galicia, de conformidad con el dispuesto en el artículo 403 del Decreto 143/2016, e incorporarlo al Registro de Convenios municipal.*

**ASUNTO 3**

***ASUNTO 3***

**106. Expte. 631/2019/100 MPX 7/19 Aprobación definitiva da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Coruña no ámbito do polígono O30.2 avenida Joaquín Planells Riera, para a execución da sentenza número 151/2016 do TSXG.**

***106. Expte. 631/2019/100 MPX 7/19 Aprobación definitiva de la modificación puntual del Plan General de Ordenación Municipal de A Coruña en el ámbito del polígono O30.2 avenida Joaquín Planells Riera, para la ejecución de la sentencia número 151/2016 del TSXG.***

Este asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral en sesión celebrada o día 2 de outubro de 2023, cos votos favorables dos Grupos Municipais Socialista e do BNG, e a abstención do Grupo Municipal Popular, propoñéndose ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

*Este asunto fue dictaminado por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General en sesión celebrada el día 2 de octubre de 2023, con los votos favorables de los Grupos Municipales Socialista y del BNG, y la abstención del Grupo Municipal Popular, proponiéndose al Pleno Municipal la adopción de los acuerdos siguientes:*

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o documento denominado “Modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña no ámbito do polígono O30.2 Avenida Joaquín Planells

*PRIMERO.- Aprobar definitivamente el documento denominado “Modificación puntual del Plan General de Ordenación Municipal de A Coruña en el ámbito del polígono O30.2 Avenida Joaquín Planells*

Riera. Documento para aprobación definitiva. Setembro 2023", presentado o 20 de setembro de 2023, e redactado pola Oficina de Planeamento, S.A.

*Riera. Documento para aprobación definitiva. Septiembre 2023", presentado el 20 de septiembre de 2023, y redactado por la Oficina de Planeamiento, S.A.*

SEGUNDO.- Realizar os trámites previstos nos artigos 82 e 88 da Lei 2/2016, do solo de Galicia e artigos 199, 209 e 212 do Regulamento para o desenvolvemento da lei anterior, para procurar a entrada en vigor do documento aprobado.

*SEGUNDO.- Realizar los trámites previstos en los artículos 82 y 88 de la Ley 2/2016, del suelo de Galicia y artículos 199, 209 y 212 del Reglamento para el desarrollo de la ley anterior, para procurar la entrada en vigor del documento aprobado.*

TERCEIRO.- Notificar este acordo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2 002; ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana. Dirección General de Planificación y Evaluación de la Red Ferroviaria; á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Dirección Xeral de Infraestruturas; ás persoas interesadas e ás Áreas e Servizos municipais interesados na tramitación do expediente.

*TERCERO.- Notificar este acuerdo al Tribunal Superior de Justicia de Galicia, Sala de lo contencioso-administrativo, Sección 2 002; al Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana. Dirección General de Planificación y Evaluación de la Red Ferroviaria; a la Consejería de Medio Ambiente, Territorio y Vivienda. Dirección General de Infraestructuras; a las personas interesadas y a las Áreas y Servicios municipales interesados en la tramitación del expediente.*

**ASUNTO 4**

***ASUNTO 4***

**107. Expte. 631/2022/336**
**Aprobación definitiva do Estudo de Detalle na esquina da avenida Alcalde Pérez Ardá con rúa Montevideo.**

***107. Expte. 631/2022/336***
***Aprobación definitiva del Estudio de Detalle en la esquina de la avenida Alcalde Pérez Ardá con calle Montevideo.***

Este asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral en sesión celebrada o día 2 de outubro de 2023, cos votos favorables dos Grupos Municipais Socialista e do BNG, e a abstención do Grupo Municipal Popular, propoñéndose ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

*Este asunto fue dictaminado por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General en sesión celebrada el día 2 de octubre de 2023, con los votos favorables de los Grupos Municipales Socialista y del BNG, y la abstención del Grupo Municipal Popular, proponiéndose al Pleno Municipal la adopción de los acuerdos siguientes:*

PRIMEIRO.- Aprobar o informe municipal do 04.08.2023, de análise dos informes sectoriais emitidos ao documento e de contestación ás

*PRIMERO.- Aprobar el informe municipal del 04.08.2023, de análisis de los informes sectoriales emitidos al documento y de contestación a las alegaciones formuladas*

alegacións formuladas durante o período de información pública do expediente.

*durante el período de información pública del expediente.*

SEGUNDO.- Aceptar o ámbito delimitado para o estudo de detalle e aprobar definitivamente o documento do "ESTUDO DE DETALLE DA ESQUINA AVDA ALCALDE PÉREZ ARDÁ - R/ MONTEVIDEO. SETEMBRO 2023", presentado o 18.09.2023, promovido pola comercial Residencial Montevideo 2022, S.L e asinado polos arquitectos Álvaro Fernández Carballada, Beatriz Aneiros Filgueira, Hugo Romero Novas e Álvaro Romero Gil Delgado.

*SEGUNDO.- Aceptar el ámbito delimitado para el estudio de detalle y aprobar definitivamente el documento del "ESTUDIO DE DETALLE DE LA ESQUINA AVDA ALCALDE PÉREZ ARDÁ - C/ MONTEVIDEO. SEPTIEMBRE 2023", presentado el 18.09.2023, promovido por la comercial Residencial Montevideo 2022, S.L y firmado por los arquitectos Álvaro Fernández Carballada, Beatriz Aneiros Filgueira, Hugo Romero Nuevas y Álvaro Romero Gil Delgado.*

TERCEIRO.- Ordenar a realización dos trámites administrativos recollidos no artigo 82 e 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e concordantes do regulamento de desenvolvemento desta, para procurar a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do estudo de detalle aprobado.

*TERCERO.- Ordenar la realización de los trámites administrativos recogidos en el artículo 82 y 88 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia, y concordantes del reglamento de desarrollo de esta, para procurar la eficacia del acto de aprobación definitiva y la entrada en vigor del estudio de detalle aprobado.*

CUARTO.- Requirir ao promotor do estudo de detalle a presentación do proxecto de obras ordinarias de urbanización necesario para a realización das obras de reacondicionamento do espazo público destinado a viario local, xunto co proxecto das obras da edificación suxeito a licenza.

*CUARTO.- Requerir al promotor del estudio de detalle La presentación del proyecto de obras ordinarias de urbanización necesario para la realización de las obras de reacondicionamiento del espacio público destinado a viario local, junto con el proyecto de las obras de la edificación sujeto a licencia.*

QUINTO.- Notificar este acordo ao promotor e ás áreas e servizos municipais interesadas na tramitación do expediente.

*QUINTO.- Notificar este acuerdo al promotor y a las áreas y servicios municipales interesadas en la tramitación del expediente.*

**ASUNTO 5**

***ASUNTO 5***

**108. Expte. 631/2022/290**
**Aprobación definitiva do Estudo de Detalle para a ordenación de volumes na parcela do IES Plurilingüe Elviña.**

***108. Expte. 631/2022/290***
***Aprobación definitiva del Estudio de Detalle para la ordenación de volúmenes en la parcela del IES Plurilingüe Elviña.***

Este asunto foi ditaminado pola Comisión

*Este asunto fue dictaminado por la*

Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral en sesión celebrada o día 2 de outubro de 2023, cos votos favorables dos Grupos Municipais Socialista e do BNG, e a abstención do Grupo Municipal Popular, propoñéndose ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

*Comisión Informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General en sesión celebrada el día 2 de octubre de 2023, con los votos favorables de los Grupos Municipales Socialista y del BNG, y la abstención del Grupo Municipal Popular, proponiéndose al Pleno Municipal la adopción de los acuerdos siguientes:*

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o documento "Estudio de detalle para la ordenación de volúmenes en la parcela del IES Elviña. Septiembre 2023", promovido pola Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e asinado pola arquitecta Silvia Martínez Lorenzo.

*PRIMERO.- Aprobar definitivamente el documento "Estudio de detalle para la ordenación de volúmenes en la parcela del IES Elviña. Septiembre 2023", promovido por la Consejería de Cultura, Educación, Formación Profesional y Universidades, y firmado por la arquitecta Silvia Martínez Lorenzo.*

SEGUNDO.- Ordenar a realización dos trámites administrativos recollidos no artigo 82 e 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e concordantes do regulamento de desenvolvemento desta, para procurar a entrada en vigor do estudo de detalle aprobado.

*SEGUNDO.- Ordenar la realización de los trámites administrativos recogidos en el artículo 82 y 88 de la Ley 2/2016, del 10 de febrero, del suelo de Galicia, y concordantes del reglamento de desarrollo de esta, para procurar la entrada en vigor del estudio de detalle aprobado.*

TERCEIRO.- Notificar este acordo ao promotor e ás áreas municipais interesadas na tramitación do expediente.

*TERCERO.- Notificar este acuerdo al promotor y a las áreas municipales interesadas en la tramitación del expediente.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señor secretario. Estes catro asuntos serán debatidos de forma conxunta.

*Muchas gracias, señor secretario. Estos cuatro asuntos serán debatidos de forma conjunta.*

**Debate conxunto e votación separada dos asuntos números 2, 3, 4 e 5.**

***Debate conjunto y votación separada de los asuntos números 2, 3, 4 y 5.***

Terá a palabra en primeiro lugar o concelleiro de Urbanismo, señor Díaz Gallego, para expoñelos e a continuación haberá unha única quenda de debate de cinco minutos.

*Tendrá la palabra en primer lugar el concejal de Urbanismo, señor Díaz Gallego, para exponerlos y a continuación habrá un único turno de debate de cinco minutos.*

Señor Lage, quere falar? Quere plantexar

*Señor Lage, ¿quiere hablar? ¿Quiere*

unha cuestión de orde ou unha consulta á Presidencia?

*plantear una cuestión de orden o una consulta a la Presidencia?*

**Señor Lage Tuñas**

Si, unha cuestión de orden para saber se o asunto que se vai a tramitar por urxencia se tramita a continuación.

***Señor Lage Tuñas***

*Sí, una cuestión de orden para saber si el asunto que se va a tramitar por urgencia se tramita a continuación.*

**Presidencia**

O asunto que se tramita por urxencia, se tramita unha vez remate a parte resolutiva do Pleno. Se incorporará á orde do día...

***Presidencia***

*El asunto que se tramita por urgencia, se tramita una vez finalice la parte resolutiva del Pleno. Se incorporará al orden del día...*

**Señor Lage Tuñas**

Vale, vale.

***Señor Lage Tuñas***

*Vale, vale.*

**Presidencia**

...se así o considera a maioría da Corporación.

***Presidencia***

*...si así lo considera la mayoría de la Corporación.*

**Señor Lage Tuñas**

Vale. Entendín que se facía ó comezo do Pleno, por eso.

***Señor Lage Tuñas***

*Vale. Entendí que se hacía al comienzo del Pleno, por eso.*

**Señor Secretario**

Unha vez rematado os asuntos que van e antes de entrar na parte non resolutoria sería cando procedería tratar un asunto fóra da orde do día e previa...

***Señor Secretario***

*Una vez finalizado los asuntos que van y antes de entrar en la parte no resolutoria sería cuando procedería tratar un asunto fuera del orden del día y previa...*

**Señor Lage Tuñas**

De acordo.

***Señor Lage Tuñas***

*De acuerdo.*

**Señor Secretario**

...declaración de urxencia.

***Señor Secretario***

*...declaración de urgencia.*

**Presidencia**

Si, señor Lorenzo.

***Presidencia***

*Sí, señor Lorenzo.*

***<u>Señor Lorenzo Torres</u>***

*Unha pregunta. Había unha declaración institucional.*

**<u>Presidencia</u>**

Non.

***<u>Señor Lorenzo Torres</u>***

¿No? Sobre Teleperformance.

**<u>Presidencia</u>**

Non. Acordamos que... Así consta na acta da Comisión de Voceiros. Foi remitida ós voceiros e asinada xa no expediente electrónico.

Agarde un minuto, por favor.

**<u>Señor Secretario</u>**

Si, comentouse na Comisión de Portavoces. Mantivo o seu criterio de que era reiterativa da nota que xa todos os portavoces tiñan asinado e na que constaban as súas firmas, así que polo tanto non se faría declaración institucional.

**<u>Presidencia</u>**

Algunha cuestión máis?

Ben, pois señor Díaz Gallego, ten vostede a palabra para os asuntos dous, tres, catro e cinco.

***<u>Señor Díaz Gallego</u>***

*Moitas grazas, señora alcaldesa. Bos días a todos.*

*Hoxe traemos na parte resolutiva catro asuntos urbanísticos de distinta índole que nos van a permitir pechar tres expedientes de planeamento ao finalizar*

**<u>Señor Lorenzo Torres</u>**

Una pregunta. Había una declaración institucional.

***<u>Presidencia</u>***

*No.*

**<u>Señor Lorenzo Torres</u>**

¿No? Sobre Teleperformance.

***<u>Presidencia</u>***

*No. Acordamos que... Así consta en el acta de la Comisión de Portavoces. Fue remitida a los portavoces y firmada ya en el expediente electrónico.*

*Espere un minuto, por favor.*

***<u>Señor Secretario</u>***

*Sí, se comentó en la Comisión de Portavoces. Mantuvo su criterio de que era reiterativa de la nota que ya todos los portavoces habían firmado y en la que constaban sus firmas, así que por lo tanto no se haría declaración institucional.*

***<u>Presidencia</u>***

*¿Alguna cuestión más?*

*Ben, pues señor Díaz Gallego, tiene usted la palabra para los asuntos dos, tres, cuatro y cinco.*

**<u>Señor Díaz Gallego</u>**

Muchas gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todos.

Hoy traemos en la parte resolutiva cuatro asuntos urbanísticos de distinta índole que nos van a permitir cerrar tres expedientes de planeamiento al finalizar hoy su

*hoxe a súa tramitación e iniciar un de gran importancia para os veciños da marxe dereita do Parque Ofimático que vai permitir dar resposta ás súas peticións e acabar por fin cun conflito que acumulaba anos sen solución.*

*Seguindo a orde dos propios asuntos na orde do día, o expediente 620/2022/463 é a ratificación do convenio mixto de planeamento e execución para estudar unha nova ordenación na marxe dereita do Sector 10, Parque Ofimático.*

*A primeira semana de marzo de 2023 asínase o citado convenio cos propietarios das tres vivendas existentes na marxe dereita do Sector 10, un convenio que permitirá a conservación das súas vivendas e a mellor reordenación dos equipamentos públicos e das edificabilidades existentes. O mencionado convenio pasou tamén un período de alegacións dun mes, como obriga a Lei do Solo de Galicia, sen que se producisen alegacións respecto diso. É, por tanto, necesaria a súa ratificación por parte do Pleno municipal como paso previo a que o Concello continúe co desenvolvemento dos seus compromisos adquiridos neste convenio.*

*Estes compromisos que poñen fin a anos de protestas consisten na tramitación dunha modificación puntual do Plan Parcial coa finalidade de recoñecer as vivendas existentes e introducir os cambios que este recoñecemento obriga nas tipoloxías edificatorias, a propia edificabilidade ou os equipamentos. A maiores, tamén a suspensión das cotas de urbanización aos propietarios das tres parcelas asinantes do convenio en tanto que non se aprobe dita modificación. Suspensión que querería aclarar aquí á Corporación que se levantará se hoxe non se ratifica o convenio neste pleno municipal.*

tramitación e iniciar uno de gran importancia para los vecinos del margen derecho del Parque Ofimático que va a permitir dar respuesta a sus peticiones y acabar por fin con un conflicto que acumulaba años sin solución.

Siguiendo el orden de los propios asuntos en el orden del día, el expediente 620/2022/463 es la ratificación del convenio mixto de planeamiento y ejecución para estudiar una nueva ordenación en el margen derecho del Sector 10, Parque Ofimático.

La primera semana de marzo de 2023 se firma el citado convenio con los propietarios de las tres viviendas existentes en el margen derecho del Sector 10, un convenio que permitirá la conservación de sus viviendas y la mejor reordenación de los equipamientos públicos y de las edificabilidades existentes. Dicho convenio pasó también un período de alegaciones de un mes, como obliga la Ley del Suelo de Galicia, sin que se produjesen alegaciones al respecto. Es, por tanto, necesaria su ratificación por parte del Pleno municipal como paso previo a que el Concello continúe con el desarrollo de sus compromisos adquiridos en este convenio.

Estos compromisos que ponen fin a años de protestas consisten en la tramitación de una modificación puntual del Plan Parcial con la finalidad de reconocer las viviendas existentes e introducir los cambios que este reconocimiento obliga en las tipologías edificatorias, la propia edificabilidad o los equipamientos. A mayores, también la suspensión de las cuotas de urbanización a los propietarios de las tres parcelas firmantes del convenio en tanto que no se apruebe dicha modificación. Suspensión que querría aclarar aquí a la Corporación que se levantará si hoy no se ratifica el convenio en este pleno municipal.

*E por último, tramitar tamén os cambios no reparcelamento mediante unha operación xurídica complementaria que non afecte o resto do ámbito, unha condición que era condición de partida para poder sentarnos a negociar con estes propietarios.*

*Pola súa banda, os tres propietarios comprométense a abonar as cotas de urbanización pendentes unha vez que sexa aprobada definitivamente dita modificación.*

*No que respecta á ordenación en si, a proposta de modificación que se tramitará tras ser ratificado o convenio hoxe, consiste na eliminación do bloque de vivendas previsto e a súa substitución por 11 vivendas unifamiliares nas que se integran as tres xa existentes. 15 anos despois de iniciarse este conflito, por fin poñemos fin a algo que parecía imposible de solucionar, pero que grazas ao traballo realizado desde a Área de Urbanismo e á xenerosidade tamén e ao traballo cos propietarios, ve a luz ao final do túnel.*

*O segundo asunto é a proposta de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan Xeral no ámbito POL 030.2 avenida de Joaquín Planells, unha proposta aprobada provisionalmente por este pleno municipal en febreiro deste mesmo ano e que vén, ademais, dunha execución de sentenza, conta con informe previo á aprobación definitiva favorable por parte da Dirección Xeral de Urbanismo.*

*A modificación, como xa se expuxo no pasado mes de febreiro en leste mesmo pleno, foi tramitada simultaneamente cun convenio urbanístico coa propiedade, que vai permitir obter ao Concello unha zona verde de preto de 3.000 m2, unha nova parcela dotacional de 2.800 m2*

Y por último, tramitar también los cambios en la reparcelación mediante una operación jurídica complementaria que no afecte al resto del ámbito, una condición que era condición de partida para poder sentarnos a negociar con estos propietarios.

Por su parte, los tres propietarios se comprometen a abonar las cuotas de urbanización pendientes una vez que sea aprobada definitivamente dicha modificación.

En lo que respecta a la ordenación en sí, la propuesta de modificación que se tramitará tras ser ratificado el convenio hoy, consiste en la eliminación del bloque de viviendas previsto y su sustitución por 11 viviendas unifamiliares en las que se integran las tres ya existentes. 15 años después de iniciarse este conflicto, por fin ponemos fin a algo que parecía imposible de solucionar, pero que gracias al trabajo realizado desde el Área de Urbanismo y a la generosidad también y al trabajo con los propietarios, ve la luz al final del túnel.

El segundo asunto es la propuesta de aprobación definitiva de la modificación puntual del Plan General en el ámbito POL 030.2 avenida de Joaquín Planells, una propuesta aprobada provisionalmente por este pleno municipal en febrero de este mismo año y que viene, además, de una ejecución de sentencia, cuenta con informe previo a la aprobación definitiva favorable por parte de la Dirección Xeral de Urbanismo.

La modificación, como ya se expuso en el pasado mes de febrero en este mismo pleno, fue tramitada simultáneamente con un convenio urbanístico con la propiedad, que va a permitir obtener al Concello una zona verde de cerca de 3.000 m2, una nueva parcela dotacional de 2.800 m2

*correspondentes en gran medida ao que hoxe é o concesionario..., o antigo concesionario de Conde Medín e a maiores 4.680 m2 de viario e de terreos que forman parte da futura estación intermodal. Con esta modificación conséguese, ademais de liquidar o conflito xudicial, un aforro para as arcas municipais en expropiacións de 2,2 millóns de euros. Incorpórase ademais ao ámbito unha porcentaxe de vivenda protexida dun 10 %, unha mellora incluída grazas ao convenio e á negociación realizada, dado que en urbano consolidado non tería obrigación a propiedade de xerar esa reserva. É, por tanto, e recapitulando, unha importante mellora para o ámbito, un importante aforro para as arcas municipais e, como tamén lembrei no Pleno de febreiro, é obxecto dunha sentenza xudicial. Por tanto, o impulso da súa tramitación é unha obrigación desta corporación.*

*O terceiro asunto, o expediente 2022/33326 é a aprobación definitiva do Estudo de Detalle da esquina avenida Pérez Ardá con rúa Montevideo. É un estudo de detalle que se presentou pola propiedade o 12 de decembro de 2022, aprobado inicialmente en Xunta de Goberno Local o 15 de febreiro do 23 e que foi exposto a exposición pública no mes de marzo, presentándose unicamente dúas alegacións.*

*O Estudo de Detalle afecta a tres parcelas catastrais que suman 1.200 m2 así como ao espazo público circundante ata un ámbito de 2.727 m2. A finalidade do mesmo é resolver o problema de accesibilidade e rasantes existente no espazo público dando á zona unha mellor imaxe e unha maior calidade a ese espazo urbano coa elevación das rasantes e a garantía da accesibilidade universal do ámbito. Esta elevación de rasantes permitirá tamén o tapado das medianeiras existentes e a*

correspondientes en gran medida a lo que hoy es el concesionario..., el antiguo concesionario de Conde Medín y a mayores 4.680 m2 de viario y de terrenos que forman parte de la futura estación intermodal. Con esta modificación se consigue, además de solventar el conflicto judicial, un ahorro para las arcas municipales en expropiaciones de 2,2 millones de euros. Se incorpora además al ámbito un porcentaje de vivienda protegida de un 10 %, una mejora incluida gracias al convenio y a la negociación realizada, dado que en urbano consolidado no tendría obligación la propiedad de generar esa reserva. Es, por tanto, y recapitulando, una importante mejora para el ámbito, un importante ahorro para las arcas municipales y, como también recordé en el Pleno de febrero, es objeto de una sentencia judicial. Por lo tanto, el impulso de su tramitación es una obligación de esta corporación.

El tercer asunto, el expediente 2022/33326 es la aprobación definitiva del Estudio de Detalle de la esquina avenida Pérez Ardá con calle Montevideo. Es un estudio de detalle que se ha presentado por la propiedad el 12 de diciembre de 2022, aprobado inicialmente en Junta de Gobierno Local el 15 de febrero del 23 y que fue expuesto a exposición pública en el mes de marzo, presentándose únicamente dos alegaciones.

El Estudio de Detalle afecta a tres parcelas catastrales que suman 1.200 m2 así como al espacio público circundante hasta un ámbito de 2.727 m2. La finalidad del mismo es resolver el problema de accesibilidad y rasantes existente en el espacio público dando a la zona una mejor imagen y una mayor calidad a ese espacio urbano con la elevación de las rasantes y la garantía de la accesibilidad universal del ámbito. Esta elevación de rasantes permitirá también el tapado de las medianeras existentes y la armonización

*harmonización completa da mazá.*

*Por último, o Estudo de Detalle do IES Elviña, o último asunto, consiste na ordenación volumétrica para cubrir a pista deportiva do centro educativo, unha intervención moi sinxela que aínda así require o Estudo de Detalle en base ao plan vixente e que é un dos supostos polos que se fai necesario continuar coa tramitación da Norma Zonal 8 que permitirá unha maior flexibilidade na realización deste tipo de intervencións.*

*Moitas grazas.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Díaz.

Comezamos o debate. Bloque Nacionalista Galego, señora Veira, ten a palabra.

**Señora Veira González**

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Bo día, concelleiras e concelleiros da Corporación, funcionariado que nos acompaña nesta sesión, persoal dos medios de comunicación, cidadanía que está presente neste salón de plenos ou que nos segue polo sinal. Un saúdo moi especial ás veciñas de Elviña que hoxe se atopan neste salón de plenos para presenciar o debate e a votación do asunto número 2 no que ratificaremos o convenio mixto de planeamento e execución a efectos de estudar unha nova ordenación na marxe dereita do Sector 10, Parque Ofimática.

Para comezar gustaríame sinalar que o Grupo municipal do BNG vai votar a favor deste asunto e ímolo facer por varios motivos.

completa de la manzana.

Por último, el Estudio de Detalle del IES Elviña, el último asunto, consiste en la ordenación volumétrica para cubrir la pista deportiva del centro educativo, una intervención muy sencilla que aún así requiere el Estudio de Detalle en base al planeamiento vigente y que es uno de los supuestos por los que se hace necesario continuar con la tramitación de la Norma Zonal 8 que permitirá una mayor flexibilidad en la realización de este tipo de intervenciones.

Muchas gracias.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Díaz.*

*Comenzamos el debate. Bloque Nacionalista Galego, señora Veira, tiene la palabra.*

***Señora Veira González***

*Muchas gracias, señora alcaldesa.*

*Buenos días, concejalas y concejales de la Corporación, funcionariado que nos acompaña en esta sesión, personal de los medios de comunicación, ciudadanía que está presente en este salón de plenos o que nos sigue por la señal. Un saludo muy especial a las vecinas de Elviña que hoy se encuentran en este salón de plenos para presenciar el debate y la votación del asunto número 2 en el que ratificaremos el convenio mixto de planeamiento y ejecución a efectos de estudiar una nueva ordenación en la margen derecha del Sector 10, Parque Ofimática.*

*Para comenzar me gustaría señalar que el Grupo municipal del BNG va a votar a favor de este asunto y lo vamos a hacer por varios motivos.*

Primeiro, porque é desexo das veciñas e veciños da marxe dereita de Elviña rematar dunha vez co pesadelo do Parque Ofimático. Este convenio que se lles ofreceu é o comezo do remate dese pesadelo, un pesadelo que ten o inicio nun perverso deseño do Plan Parcial do chamado Parque Ofimático que se comía Elviña, que non só deixaba subsumido o núcleo de Elviña, senón que facía desaparecer casas, vivendas e historia viva dun núcleo tradicional da nosa cidade e ademais os convertía en promotores do propio Parque, un pesadelo seu que eu atopei ó chegar, xa hai tempo, a este concello e co que eu apliquei en política o que me ensinaron os meus pais: que hai que saber recoñecer os erros e que hai que saber pedir perdón. Aquel planeamento, aquel plan parcial foi un erro.

*Primero, porque es deseo de las vecinas y vecinos de la margen derecha de Elviña terminar de una vez con la pesadilla del Parque Ofimático. Este convenio que se les ofreció es el comienzo de remate de esa pesadilla, una pesadilla que tiene el inicio en un perverso diseño del Plan Parcial del llamado Parque Ofimático que se comía Elviña, que no solo dejaba subsumido el núcleo de Elviña, sino que hacía desaparecer casas, viviendas y historia viva de un núcleo tradicional de nuestra ciudad y además los convertía en promotores del propio Parque, una pesadilla suya que yo encontré al llegar, ya hace tiempo, a este ayuntamiento y con la que yo apliqué en política lo que me enseñaron mis padres: que hay que saber reconocer los errores y que hay que saber pedir perdón. Aquel planeamiento, aquel plan parcial fue un error.*

Da loita de Elviña temos falado moito neste pleno, mais é a historia dunha cidadanía que defendeu a súa casa, a súa forma de vida e os seus dereitos de xeito exemplar. A súa casa, a permanencia nas súas casas era o que máis defendían, pero tamén a exclusión delas do planeamento do Sector 7, a súa desafectación e, por suposto, liberarse dunhas cotas de urbanización elevadísimas. Esa desafectación non foi posíbel, mais a busca de alternativas, a súa loita, o seu traslado a este salón de plenos en forma de iniciativas sitúanos hoxe aquí aprobando este convenio. Non é a mellor das solucións, non cumpría con todas as demandas, pero é a que lles vale, é o principio do fin.

*De la lucha de Elviña hemos hablado mucho en este pleno, pero es la historia de una ciudadanía que defendió su casa, su forma de vida y sus derechos de manera ejemplar. Su casa, la permanencia en sus casas era lo que más defendían, pero también la exclusión de ellas del planeamiento del Sector 7, su desafectación y, por supuesto, liberarse de unas cuotas de urbanización elevadísimas. Esa desafectación no fue posible, pero la busca de alternativas, su lucha, su traslado a este salón de plenos en forma de iniciativas nos sitúa hoy aquí aprobando este convenio. No es la mejor de las soluciones, no cumplía con todas las demandas, pero es la que les vale, es el principio del fin.*

A casa de Álvaro xa non está, unha pa levouna por diante por orde do señor Negreira para non facer nada alí. As casas da outra beira da avenida da Vedra tampouco, pero as que quedan en pé aínda poden seguir conservando a súa vida e a súa memoria. É por iso que aproveitamos para lle pedir ó Goberno

*La casa de Álvaro ya no está, una pala se la llevó por delante por orden del señor Negreira para no hacer nada allí. Las casas de la otra margen de la avenida de la Vedra tampoco, pero las que quedan en pie aún pueden seguir conservando su vida y su memoria. Es por eso que aprovechamos para pedirle al Gobierno*

local premura na tramitación da modificación puntual do Plan Parcial do Sector 10, ó que se compromete este concello con este acordo que ratificamos hoxe. O mantemento destas vivendas, a súa mellora para unha habitabilidade correcta e digna foi imposíbel até o de agora pola situación legal e urbanística nas que se atopaban estes inmóbeis.

*local premura en la tramitación de la modificación puntual del Plan Parcial del Sector 10, a lo que se compromete este ayuntamiento con este acuerdo que ratificamos hoy. El mantenimiento de estas viviendas, su mejora para una habitabilidad correcta y digna fue imposible hasta ahora por la situación legal y urbanística en las que se encontraban estos inmuebles.*

Canto o que ten a ver coa aprobación definitiva da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Coruña na Sardiñeira, trátase de..., —perdón, non é na Sardiñeira, en Joaquín Planells— trátase modificar o PXOM, como dixo o concelleiro, para adaptalo a unha sentenza xudicial que recoñece o solo como consolidado. Aínda que o propietario gañou esta consideración nunha sentenza xudicial e polo tanto non está obrigado a ceder unha parte da súa propiedade, a xestión feita desde o Concello da Coruña permite que si se faga a cesión dunha parte do solo e a cualificación dunha porcentaxe do 10 % da vivenda como protección oficial, xa digo, malia estarmos a falar, por sentenza xudicial, dun solo consolidado. Polo tanto, imos votar a favor tamén deste asunto.

*Con respecto a la aprobación definitiva de la modificación puntual del Plan General de Ordenación Municipal de A Coruña en la Sardiñeira, se trata de..., —perdón, no es en la Sardiñeira, en Joaquín Planells— se trata modificar el PGOM, como dijo el concejal, para adaptarlo la una sentencia judicial que reconoce el suelo como consolidado. Aunque el propietario ganó esta consideración en una sentencia judicial y por lo tanto no está obligado a ceder una parte de su propiedad, la gestión hecha desde el Ayuntamiento de A Coruña permite que sí se haga la cesión de una parte del suelo y la calificación de un porcentaje del 10 % de la vivienda como protección oficial, ya digo, a pesar de que estemos hablando, por sentencia judicial, de un suelo consolidado. Por lo tanto, vamos a votar a favor también de este asunto.*

E por último, estamos conformes e votaremos a favor dos dous estudos de detalle que se propoñen para a súa aprobación definitiva, un que trata de harmonizar e facer accesíbel a zona do cruzamento da rúa Montevideo con Alcalde Pérez Ardá e outro que é iniciativa da Xunta de Galiza para que o Instituto de Elviña poida contar cun patio cuberto, así que van contar, como digo, co noso voto favorábel.

*Y por último, estamos conformes y votaremos a favor de los dos estudios de detalle que se proponen para su aprobación definitiva, uno que trata de armonizar y hacer accesible la zona del cruce de la calle Montevideo con Alcalde Pérez Ardá y otro que es iniciativa de la Xunta de Galicia para que el Instituto de Elviña pueda contar con un patio cubierto, así que van a contar, como digo, con nuestro voto favorable.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Veira.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Veira.*

Turno para o Partido Popular, señor Deus.

*Turno para el Partido Popular, señor Deus.*

**Señor Deus Fernández**

***Señor Deus Fernández***

Grazas, señora alcaldesa.

*Gracias, señora alcaldesa.*

Bos días a todos e a todas os compañeiros concelleiros, á prensa, a todos os veciños que nos seguen tamén desde a Tribuna ou desde *streaming.*

*Buenos días a todos y a todas los compañeros concejales, a la prensa, a todos los vecinos que nos siguen también desde la Tribuna o en línea.*

*Este asunto, para a aprobación do convenio para unha nova ordenación da marxe dereita do Sector 10 do Parque Ofimático acordado cos propietarios afectados pola delimitación do Plan Parcial parece un asunto sinxelo e sen transcendencia, pero na miña modesta opinión non o é. No mandato anterior asistín a diversas reunións convidado como oínte onde se mantiveron reunións cos veciños, onde o Goberno municipal informaba os propietarios de diversas posibilidades de modificación do Plan Parcial para dar resposta a ese desexo de conservar as súas vivendas nesa parte do Sector. Teño que dicir que me sorprendeu escoitar algunha das propostas que se poñían encima da mesa pola imposibilidade legal de levalas a cabo no momento en que se atopaba o desenvolvemento do Plan Parcial do Ofimático, hoxe Xuxán. É indignante prometer solucións aos propietarios e crearlles falsas expectativas.*

*1.- Aprobar el texto de la adenda al "convenio de colaboración entre la Xunta de Galicia y el Ayuntamiento de A Coruña para la tramitación y formalización de la obtención de los terrenos necesarios para la ejecución de las obras del nuevo hospital del Complejo Hospitalario Universitario de A Coruña y para la ejecución de los accesos desde la red viaria de alta capacidad" que se une como anexo a este acuerdo (CSV: 6T1Z386E4D3B0R0Y0TYE).*

*2.- Dejar sin efecto el punto segundo del Acuerdo del Pleno del 13.04.2023 por el que se aprobó el convenio señalado en el punto anterior.*

*3.- Autorizar y comprometer el gasto, a favor del SERGAS (Q6550006H) para 2023 por importe de 50.000 € y el gasto plurianual de 22.170.000 € (2024: 8.000.000 €; 2025: 10.000.000 € y 2026: 4.170.000 €) que en el convenio y en su adenda se establece como aportación municipal del Ayuntamiento de A Coruña.*

*Del total comprometido de 8 millones de euros de la anualidad 2024, 950.000 € financiados con un préstamo ya suscrito, será con cargo al crédito ya existente en la aplicación presupuestaria 30.151.750.00 (Código de Proyecto 2023/2/30/2), y que*

será de incorporación obrigatoria ao Orzamento 2024 segundo o disposto no artigo 182.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).

*será de incorporación obligatoria al Presupuesto 2024 según lo dispuesto en el artículo 182.3 del Real Decreto Legislativo 2/2004, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales (TRLRFL).*

Así mesmo, e de acordo coa literalidade do artigo 174.1 do TRLRFL, a realización dos gastos dos exercicios futuros queda subordinada ao crédito que para cada exercicio futuro autoricen os respectivos orzamentos municipais.

*Asimismo, y de acuerdo con la literalidad del artículo 174.1 del TRLRHL, la realización de los gastos de los ejercicios futuros queda subordinada al crédito que para cada ejercicio futuro autoricen los respectivos presupuestos municipales.*

Atendendo ao carácter excepcional, polo evidente interese público que representan as actuacións previstas no convenio, de conformidade co art. 174.5 do TRLRFL, en relación aos compromisos e gastos de exercicios futuros comprometidos no convenio, o Pleno acorda que se eleven e modifiquen as porcentaxes aos que se refire o dito artigo de acordo cos compromisos asumidos nesta addenda ao convenio para cada anualidade futura.

*Atendiendo al carácter excepcional, por el evidente interés público que representan las actuaciones previstas en el convenio, de conformidad con el art. 174.5 del TRLRFL, en relación a los compromisos y gastos de ejercicios futuros comprometidos en el convenio, el Pleno acuerda que se eleven y modifiquen los porcentajes a los que se refiere dicho artículo de acuerdo con los compromisos asumidos en esta adenda al convenio para cada anualidad futura.*

4.- Facultar expresamente á Alcaldía, tan amplamente como en legal forma sexa posible, para a sinatura da Addenda ao convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña para a tramitación e formalización da obtención dos terreos necesarios para a execución das obras do novo hospital do complexo hospitalario universitario da Coruña e para a execución dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade, e para realizar todos os actos, trámites e xestións que sexan precisos para os efectos de acadar o cumprimento dos fins e obxectivos da dita Addenda.

*4.- Facultar expresamente a la Alcaldía, tan ampliamente como en legal forma sea posible, para la firma de la Adenda al convenio entre la Xunta de Galicia y el Ayuntamiento de A Coruña para la tramitación y formalización de la obtención de los terrenos necesarios para la ejecución de las obras del nuevo hospital del complejo hospitalario universitario de A Coruña y para la ejecución de los accesos desde la red viaria de alta capacidad, y para realizar todos los actos, trámites y gestiones que sean precisos a efectos de alcanzar el cumplimiento de los fines y objetivos de la dicha Adenda.*

## ANEXO

## ADDENDA AO CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A TRAMITACIÓN E FORMALIZACIÓN DA OBTENCIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO NOVO HOSPITAL DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA E PARA A EXECUCIÓN DOS ACCESOS DENDE A REDE VIARIA DE ALTA CAPACIDADE

### REUNIDOS

D. Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e nos Decretos 136/2019 e 137/2019, de 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Dª Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade e presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, actuando en nome e representación desta, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e no artigo 9.a) dos Estatutos da axencia, aprobados por Decreto 173/2011, do 4 de agosto.

Dª Inés Rey García, actuando en nome e representación do Concello da Coruña, en virtude da súa condición de Alcaldesa-Presidenta da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e en execución dos acordos do Pleno do Concello da Coruña de 25 de xaneiro de 2021 e de 13 de abril de 2023.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar a addenda ao presente convenio e para iso,

**EXPOÑEN:**

**PRIMEIRO.**

O 30 de maio de 2023 asinouse o "Convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña para a tramitación e formalización da obtención dos terreos necesarios para a execución das obras do novo hospital do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e para a execución dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade".

O convenio prevé o desenvolvemento das seguintes actuacións:

- A adquisición dos terreos necesarios para a materialización do novo recinto hospitalario.
- A execución dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade que se definan no Proxecto de Interese Autonómico así como do viario de servizo do recinto hospitalario, que en ambos casos tamén darán servizo ás áreas urbanizadas da contorna do hospital.

**SEGUNDO.**

En relación coa execución dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade que se definan no Proxecto de Interese Autonómico así como do viario de servizo do recinto hospitalario, que en ambos casos tamén darán servizo ás áreas urbanizadas da contorna do hospital, o convenio prevía que se realizase conforme ás seguintes anualidades:

| **EXECUCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN E INFRAESTRUTURAS NECESARIAS PARA OS ACCESOS E CONEXIÓNS VIARIAS AO NOVO HOSPITAL** | | |
|---|---|---|
| ANUALIDADE 2023 | ANUALIDADE 2024 | ANUALIDADE 2025 |
| 1.000.000 € | 8.000.000 € | 16.400.000 € |
| | TOTAL ACTUACIÓN | 25.400.000 € |

Sen embargo, o estado da tramitación do procedemento de licitación do contrato para a redacción do proxecto e execución das obras require a modificación do convenio co fin de adecuar as

anualidades á execución do contrato, o que suporá un reaxuste das anualidades inicialmente previstas e o seu incremento, de xeito que se amplían ata 2026.

De acordo co exposto, as partes estiman convinte formalizar esta addenda coas seguintes

**CLÁUSULAS:**

**PRIMEIRA**. ***Modificación da CLAUSUAL CUARTA. Actuación relativa á execución das obras de urbanización e infraestruturas necesarias para os accesos e conexións viarias ao novo hospital.***

Modifícanse os apartados B) e C) da CLUSULA CUARTA do convenio que quedan redactados como segue:

"**B) Réxime económico aplicable para esta actuación.**

Son obxecto de financiamento en relación con este proxecto, segundo o indicado na cláusula segunda e no anexo I deste convenio, tanto os contratos de obra coma os contratos de asistencia técnica necesarios para as obras referidas.

O custo total estimado desta actuación é de 25.400.000 € (IVE Incluído) segundo o orzamento do proxecto de trazado aprobado provisionalmente.

Consonte co acordado na Comisión de Seguimento do Convenio marco, de 14 de marzo de 2023, o Concello da Coruña asumirá o custo da execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital, así coma os contratos de servizo complementarios do mesmo, consonte a súa definición no proxecto de interese autonómico que se aprobe, ata un máximo de 22.220.000 €. O financiamento realizarase con cargo aos orzamentos do Concello da Coruña de acordo coas seguintes anualidades:

- 2023: 50.000 €
- 2024: 8.000.000 €
- 2025: 10.000.000 €
- 2026: 4.170.000 €

**C) Compromisos do Servizo Galego de Saúde.**

O Servizo Galego de Saúde comprométese a :

- Licitar, adxudicar, executar e dirixir as obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital, así coma os contratos de servizo complementarios do mesmo, consonte a súa definición no proxecto de interese autonómico que se aprobe.
  O Servizo Galego de Saúde financiará a achega correspondente ao Concello da Coruña no exercicio 2023, con cargo a aplicación orzamentaria 5001 412A 6211:

  2023: 50.000

  Dita cantidade será reintegrada polo Concello no primeiro trimestre do ano 2024, de acordo co disposto no apartado E) desta cláusula.

- Abonar as facturas mensuais emitidas polas empresas contratistas. No exercicio desta función será de aplicación la Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Recepcionar as obras realizadas dos accesos e conexións viarias ao novo hospital, de conformidade co artigo 243 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

  Este acto de recepción poderá comprender tamén recepcións parciais de aquelas partes de obra que poidan ser entregadas ao Concello da Coruña para a súa posta a disposición ao uso público, cando a súa execución fora realizada por fases.

  Unha vez producido o acto formal de recepción, total ou parcial, das obras polo Servicio Galego de Saúde, este o porá en coñecemento do concello da Coruña, formalizando a entrega das mesmas mediante a correspondente acta, determinando o nacemento das obrigas asumidas por cada unha das partes neste convenio, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras.

- Encomendar, no seu caso, a execución de calquera destas actuacións aos organismos competentes da Comunidade Autónoma, nomeadamente á Axencia Galega de Infraestruturas.

- Tramitar o expediente de cambio de titularidade en favor do concello dos accesos e rede viaria que resulten da execución desta actuación.

- Financiar as cantidades que excedan da aportación do Concello para o financiamento das obras e os contratos de servizo complementarios para a súa execución, así como modificados, complementarios, liquidacións, revisións de prezos, no seu caso, e demais incidencias con contido económico que xurdan durante a execución das obras e os servizos, con cargo á aplicación orzamentaria 5001 412A 6211:

  2026: 3.180.000 €”

**SEGUNDA. Modificación do *ANEXO I RÉXIME ECONÓMICO DAS ACTUACIÓNS***

Modificase o ANEXO I do convenio, que queda redactado como segue:

**ANEXO I**

**RÉXIME ECONÓMICO DAS ACTUACIÓNS**

| **ADQUISICIÓN DE TERREOS NOVO HOSPITAL E ACCESOS** | |
|---|---|
| | |
| ANUALIDADE 2023 | ANUALIDADE 2024 |
| 15.000.000 € | 2.000.000 € |
| TOTAL ACTUACIÓN | 17.000.000 € |

| **EXECUCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN E INFRAESTRUTURAS NECESARIAS PARA OS ACCESOS E CONEXIÓNS VIARIAS AO NOVO HOSPITAL** | | | |
|---|---|---|---|
| ANUALIDADE 2023 | ANUALIDADE 2024 | ANUALIDADE 2025 | ANUALIDADE 2026 |
| 50.000 € | 8.000.000 € | 10.000.000€ | 7.350.000 € |
| | TOTAL ACTUACIÓN | 25.400.000 € | |

**TERCEIRA. Publicidade**

A sinatura desta addenda suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten na addenda, e mailo resto de especificacións contidas nesta, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

E, en proba de conformidade con canto antecede, asinan a presente addenda ao convenio na data indicada na sinatura electrónica.

O Conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde
Julio García Comesaña

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade e presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas
Ethel María Vázquez Mourelle

A alcaldesa da Coruña
Inés Rey García

## Intervencións

**Presidencia**

Ten a palabra o señor Lage para expoñer o asunto e despois haberá unha única quenda por grupo de cinco minutos, tal e como pactaron os voceiros dos respectivos grupos municipais.

Señor Lage, ten a palabra.

**Señor Lage Tuñas**

Grazas, señora alcaldesa. Bo día de novo a todas e a todos.

Estamos diante dun asunto que é de interese estratéxico para a nosa cidade e polo tanto corresponde actuar coa máxima dilixencia. Non impide actuar coa máxima dilixencia nin coa coordinación institucional que merece o asunto poñer os puntos sobre as íes, e eu creo que non só é compatible, senón é necesario que dende a Corporación municipal da Coruña, e así o facemos e

## *Intervenciones*

***Presidencia***

*Tiene la palabra el señor Lage para exponer el asunto y después habrá un único turno por grupo de cinco minutos, tal y como pactaron los portavoces de los respectivos grupos municipales.*

*Señor Lage, tiene la palabra.*

***Señor Lage Tuñas***

*Gracias, señora alcaldesa. Buenos días de nuevo a todas y a todos.*

*Estamos ante de un asunto que es de interés estratégico para nuestra ciudad y por lo tanto corresponde actuar con la máxima diligencia. No impide actuar con la máxima diligencia ni con la coordinación institucional que merece el asunto poner los puntos sobre las íes, y yo creo que no solo es compatible, sino es necesario que desde la Corporación municipal de A Coruña, y así lo hacemos*

o seguiremos facendo, dende o Goberno municipal poñamos de manifesto que un equipamento hospitalario, un equipamento sanitario como é o novo CHUAC, como debe de ser o novo complexo hospitalario da Coruña, require de dilixencia e require de compromiso por parte da Administración que é a competente en materia de sanidade, que é a Xunta de Galicia.

*y lo seguiremos haciendo, desde el Gobierno municipal pongamos de manifiesto que un equipamiento hospitalario, un equipamiento sanitario como es el nuevo CHUAC, como debe de ser el nuevo complejo hospitalario de A Coruña, requiere de diligencia y requiere de compromiso por parte de la Administración que es la competente en materia de sanidad, que es la Xunta de Galicia.*

A cidade da Coruña foi postergada —discriminada, se podería dicir— á hora de abordar a renovación dos complexos hospitalarios. Como saben todos os membros da Corporación, é a última cidade de Galicia na que o Goberno galego ten actuado para poñer en marcha un novo equipamento hospitalario. Por se alguén descoñece o que pasa no resto de Galicia, gustaríame facerlles memoria recordatorio. Dende fai ben pouco tempo se dispón en Lugo dun novo equipamento hospitalario, o novo hospital HULA que substitúe a vella Residencia; se produciron ampliacións no Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela; tamén se dotou a cidade de Vigo dun novo centro hospitalario; tamén se acordou coa cidade de Pontevedra un novo centro hospitalario e o Goberno galego, pois fai ben pouco tempo, aínda non rematou o que é o Plan Director anterior, pois puxo sobre a mesa aquelo que levaba moito tempo esperando.

*La ciudad de A Coruña fue postergada —discriminada, se podría decir— a la hora de abordar la renovación de los complejos hospitalarios. Como saben todos los miembros de la Corporación, es la última ciudad de Galicia en la que el Gobierno gallego ha actuado para poner en marcha un nuevo equipamiento hospitalario. Por si alguien desconoce lo que pasa en el resto de Galicia, me gustaría hacerles memoria recordatorio. Desde hace bien poco tiempo se dispone en Lugo de un nuevo equipamiento hospitalario, el nuevo hospital HULA que sustituye a la vieja Residencia; se produjeron ampliaciones en el Complejo Hospitalario de Santiago de Compostela; también se dotó a la ciudad de Vigo de un nuevo centro hospitalario; también se acordó con la ciudad de Pontevedra un nuevo centro hospitalario y el Gobierno gallego, pues hace bien poco tiempo, aun no finalizó el que es el Plan Director anterior, pues puso sobre la mesa aquello que llevaba mucho tiempo esperando.*

Como se coñece, e é coñecido, a este salón de plenos tivemos que traer varios acordos no mandato pasado, no final do mandato pasado, porque dende a Xunta de Galicia se nos exixía, incluso se nos responsabilizaba, non tendo competencias de ningún tipo na materia, para que, digamos, fósemos a administración impulsora do Hospital, ou por dicilo dalgún xeito, se buscaba a

*Como se conoce, y es conocido, a este salón de plenos tuvimos que traer varios acuerdos en el mandato pasado, en el final del mandato pasado, porque desde la Xunta de Galicia se nos exigía, incluso se nos responsabilizaba, no teniendo competencias de ningún tipo en la materia, para que, digamos, fuéramos la administración impulsora del Hospital, o por decirlo de alguna manera, se buscaba*

escusa no Concello, na financiación do Concello, que si o Concello non aprobaba en Pleno... Recordarano todos, non lle estou dicindo nada novo. Se o Concello non dispoñía os recursos, incluso se nos pedían, bueno, pois todo tipo de documentos contables que eran o problema que había. O problema que había para que o novo CHUAC botara a andar era o Concello, non? É evidente, o dixemos sempre, que o Concello non é o responsable de que se faga un hospital, pero en calquera caso nunca vai a quedar polo Concello nin a man tendida, nin a cooperación, porque estamos á altura sempre do que demanda de nós a cidadanía e a cidadanía sempre demanda cooperación, interés e exixencia.

*la excusa en el Ayuntamiento, en la financiación del Ayuntamiento, que sí el Ayuntamiento no aprobaba en Pleno... Lo recordarán todos, no le estoy diciendo nada nuevo. Si el Ayuntamiento no disponía los recursos, incluso se nos pedían, bueno, pues todo tipo de documentos contables que eran el problema que había. El problema que había para que el nuevo CHUAC echara a andar era el Ayuntamiento, ¿no? Es evidente, lo dijimos siempre, que el Ayuntamiento no es el responsable de que se haga un hospital, pero en cualquier caso nunca va a quedar por el Ayuntamiento ni la mano tendida, ni la cooperación, porque estamos a la altura siempre de lo que demanda de nosotros la ciudadanía y la ciudadanía siempre demanda cooperación, interés y exigencia.*

Fixémolo así e chegamos a un acordo, que é público, co Goberno galego polo cal, polo cal, o Concello da Coruña vai aportar 22 millóns de euros a un equipamento, unha infraestrutura que é competencia única e exclusivamente da Comunidade Autónoma, e nos comprometemos a facelo, pero a facelo dun xeito determinado. Na medida en que se executen as obras o Concello vai a ir pagando na medida en que se vaian facendo esas obras.

*Lo hicimos así y llegamos a un acuerdo, que es público, con el Gobierno gallego por el cual, por el cual, el Ayuntamiento de A Coruña va a aportar 22 millones de euros a un equipamiento, una infraestructura que es competencia única y exclusivamente de la Comunidad Autónoma, y nos comprometimos a hacerlo, pero a hacerlo de una manera determinada. En la medida en que se ejecuten las obras el Ayuntamiento va a ir pagando en la medida en que se vayan haciendo esas obras.*

Se nos pediu un compromiso anual que para este ano, como recordarán todos, era de un millón de euros e o Concello da Coruña, e este goberno municipal, fixo tódolos trámites e todo o que se lle requireu para poñer o millón de euros que se necesitaba. Por certo, co acordo desta corporación. Non é desta, que levamos poucos meses, pero da anterior, que era moi parecida.

*Se nos pidió un compromiso anual que para este año, como recordarán todos, era de un millón de euros y el Ayuntamiento de A Coruña, y este gobierno municipal, hizo todos los trámites y todo lo que se le requirió para poner el millón de euros que se necesitaba. Por cierto, con el acuerdo de esta corporación. No es de esta, que llevamos pocos meses, pero de la anterior, que era muy parecida.*

**Ás dez horas e cincuenta e un minutos**

***A las diez horas y cincuenta y un minutos***

**sae do Salón de Sesións o señor Castro Prado.**

A realidade é que o CHUAC ten, o novo CHUAC ten un retraso evidente. Supoño que salvo nas películas de ciencia ficción non se poderá achacar a responsabilidade á alcaldesa, ó Grupo municipal do Partido Popular, ó do BNG, a este goberno, ó Grupo municipal Socialista. Agás a Xunta de Galicia, sexa unha axencia de publicidade e non unha administración —que eu cada día penso máis que é unha axencia de publicidade—, estamos diante de quen ten a responsabilidade, de quen ten a responsabilidade de acometer unha actuación que é moi importante para esta cidade.

Que se nos pide agora mesmo? Se nos pide que cambiemos o cuadro de financiación. Pero isto hai que traducilo para que os cidadáns o entendan, sen subterfuxios, decindo ademais quen é o responsable. Non pasa absolutamente nada. A Xunta de Galicia o que lle pide ó Concello é, nin máis nin menos, que donde íbamos a poñer un millón de euros este ano, poñamos 50.000; donde o ano que vén íbamos a poñer 8 millóns de euros a disposición da Xunta de Galicia, poñamos un millón de euros. En definitiva, o que nos piden é que retrasemos un ano o financiamento.

Bueno, pois desde logo, dende o Goberno municipal o que lle pedimos á Xunta de Galicia é que cumpla os prazos que dou o Goberno galego, os prazos que dou, que cumpra os prazos porque os prazos ten que cumplilos coa cidade da Coruña e ten que cumplilos cos coruñeses e coas coruñesas.

O novo CHUAC debería de ser unha realidade máis pronto que tarde, pero desde logo, do que estamos a falar é, nin

***sale del Salón de Sesiones el señor Castro Prado.***

*La realidad es que el CHUAC tiene, el nuevo CHUAC tiene un retraso evidente. Supongo que salvo en las películas de ciencia ficción no se podrá achacar la responsabilidad a la alcaldesa, al Grupo municipal del Partido Popular, al del BNG, a este gobierno, al Grupo municipal Socialista. Salvo que la Xunta de Galicia, sea una agencia de publicidad y no una administración —que yo cada día creo más que es una agencia de publicidad—, estamos ante quien tiene la responsabilidad, de quien tiene la responsabilidad de acometer una actuación que es muy importante para esta ciudad.*

*¿Qué se nos pide ahora mismo? Se nos pide que cambiemos el cuadro de financiación. Pero esto hay que traducirlo para que los ciudadanos lo entiendan, sin subterfugios, diciendo además quién es el responsable. No pasa absolutamente nada. La Xunta de Galicia lo que le pide al Ayuntamiento es, nada más y nada menos, que donde íbamos a poner un millón de euros este año, pongamos 50.000; donde el año que viene íbamos a poner 8 millones de euros a disposición de la Xunta de Galicia, pongamos un millón de euros. En definitiva, lo que nos piden es que retrasemos un año la financiación.*

*Bueno, pues desde luego, desde el Gobierno municipal lo que le pedimos a la Xunta de Galicia es que cumpla los plazos que dio el Gobierno gallego, los plazos que dio, que cumpla los plazos porque los plazos tiene que cumpliros con la ciudad de A Coruña y tiene que cumplirlos con los coruñeses y con las coruñesas.*

*El nuevo CHUAC debería ser una realidad más pronto que tarde, pero desde luego, de lo que estamos hablando es,*

máis nin menos, que un convenio que está asinado para licitar unhas obras na que o Concello aporta 22,2 millóns de euros, entendemos que non admite máis dilacións nin máis demoras.

*nada más y nada menos, que un convenio que está firmado para licitar unas obras en la que el Ayuntamiento aporta 22,2 millones de euros, entendemos que no admite más dilaciones ni más demoras.*

Na documentación que se pode consultar no Perfil do Contratante da Xunta de Galicia se observa cal é a tramitación que está levando e o que vemos é que a día de hoxe non hai absolutamente nada executada. É dicir, a Xunta puxo como desculpa que o Concello... e agora se demostra a cortina de fume mediática que intentaron crear, demóstrase esa cortina de fume porque a día de hoxe o Concello con toda a disposición puxo recursos a disposición da Xunta de Galicia e o que nos está pedindo a Xunta de Galicia é, pois nin máis nin menos, que retrasemos esa financiación porque non hai nada executado a outubro do 2023. Pero é que fai ben pouco tempo, fai cinco meses, fai cinco meses, dicían que a responsabilidade era do Goberno municipal.

*En la documentación que se puede consultar en el Perfil del Contratante de la Xunta de Galicia se observa cuál es la tramitación que está llevando y lo que vemos es que a día de hoy no hay absolutamente nada ejecutado. Es decir, la Xunta puso como disculpa que el Ayuntamiento... y ahora se demuestra la cortina de humo mediática que intentaron crear, se demuestra esa cortina de humo porque a día de hoy el Ayuntamiento con toda la disposición puso recursos a disposición de la Xunta de Galicia y lo que nos está pidiendo la Xunta de Galicia es, pues nada más y nada menos, que retrasemos esa financiación porque no hay nada ejecutado a octubre del 2023. Pero es que hace bien poco tiempo, hace cinco meses, hace cinco meses, decían que la responsabilidad era del Gobierno municipal.*

Eu só pido rigor e non xogar coa saúde nin cos equipamentos hospitalarios. Creo que a Xunta de Galicia ten unha débeda con esta cidade, unha débeda histórica, non só, non só, cun novo hospital e cun novo equipamento, e eu creo que non tardamos nin dous días en responder.

*Yo solo pido rigor y no jugar con la salud ni con los equipamientos hospitalarios. Creo que la Xunta de Galicia tiene una deuda con esta ciudad, una deuda histórica, no solo, no solo, con un nuevo hospital y con un nuevo equipamiento, y yo creo que no tardamos ni dos días en responder.*

**Ás dez horas e cincuenta e seis minutos entra no Salón de Sesións o señor Castro Prado.**

***A las diez horas y cincuenta y seis minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Castro Prado.***

Quero aclarar ademais unha cousa que me parece importante. O luns convocouse o Pleno ordinario do mes de outubro, o luns. A comunicación da Xunta de Galicia confirmando, confirmando, o texto que había que tramitar neste salón de plenos chegou o

*Quiero aclarar además una cosa que me parece importante. El lunes se convocó el Pleno ordinario del mes de octubre, el lunes. La comunicación de la Xunta de Galicia confirmando, confirmando, el texto que había que tramitar en este salón de plenos llegó el martes pasadas las dos*

martes pasadas as dúas da tarde, e dou conta do mesmo **(o señor Lage Tuñas amosa un documento)** porque frente, frente ó que cada quen diga pode haber contos, pero estos son contas e probas. Ás dúas, pasadas as dúas da tarde do martes 3 de outubro: bo día, reenviamos o novo texto da addenda do convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña para a tramitación e formalización da obtención dos terreos necesarios para a execución das obras do novo hospital do Complexo..., pono así, eh?, do novo hospital do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e para a execución dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade que é necesario tramitar debido á necesidade de realizar un reaxuste de importes e de anualidades para acompasalo ó ritmo de execución das obras.

*de la tarde, y doy cuenta del mismo* ***(el señor Lage Tuñas muestra un documento)*** *porque frente, frente a lo que cada cual diga puede haber cuentos, pero estos son cuentas y pruebas. A las dos, pasadas las dos de la tarde del martes 3 de octubre: buenos días, reenviamos el nuevo texto de la adenda del convenio entre la Xunta de Galicia y el Ayuntamiento de A Coruña para la tramitación y formalización de la obtención de los terrenos necesarios para la ejecución de las obras del nuevo hospital del Complejo..., lo ponen así, ¿eh?, del nuevo hospital del Complejo Hospitalario Universitario de A Coruña y para la ejecución de los accesos desde la red viaria de alta capacidad que es necesario tramitar debido a la necesidad de realizar un reajuste de importes y de anualidades para acompasarlo al ritmo de ejecución de las obras.*

Xa llo traduzco eu: o de re, o re que len aquí, reaxuste de importes e acompasalo significa que non hai nada executado, nada, e o que nos piden é cambialo. Dice: este texto —leo— foi revisado por todas as partes asinantes do convenio, sendo revisado —loxicamente, para que despois non lle digan ós concelleiros do PP que non saben o que votan no Pleno, como pasou ó principio de 2023, que lle dixeron que non sabían o que votaban—, sendo revisado tamén pola nosa Asesoría Xurídica, obtendo a conformidade de todas elas. Secretaria xeral da Consellería, martes 3 de outubro, pasadas as dúas da tarde.

*Ya se lo traduzco yo: lo de re, el re que leen aquí, reajuste de importes y acompasarlo significa que no hay nada ejecutado, nada, y lo que nos piden es cambiarlo. Dice: este texto —leo— fue revisado por todas las partes firmantes del convenio, siendo revisado —lógicamente, para que después no le digan a los concejales del PP que no saben lo que votan en el Pleno, como pasó al principio de 2023, que le dijeron que no sabían lo que votaban—, siendo revisado también por nuestra Asesoría Jurídica, obteniendo la conformidad de todas ellas. Secretaria general de la Consellería, martes 3 de octubre, pasadas las dos de la tarde.*

Por que leo esto? Para que o que digan os gabinetes e os que están ó outro lado do teléfono se caia polo seu propio peso cando alguén lles chama para dicir: no, es que isto está desde fai... Pero non busquen escusas peregrinas, admitan que hai un retraso, que estas cousas pasan cando hai un equipamento destas

*¿Por qué leo esto? Para que lo que digan los gabinetes y los que están al otro lado del teléfono se caiga por su propio peso cuando alguien les llama para decir: no, es que esto está desde hace... Pero no busquen excusas peregrinas, admitan que hay un retraso, que estas cosas pasan cuando hay un equipamiento de estas*

características. Abandonen a soberbia, abandonen a soberbia e entendan que cada vez que nos piden algo —como pasou coa intermodal, que se tramitou en tempo récord as modificacións urbanísticas, como xa ten recordado o meu compañeiro Díaz Gallego— neste caso tardamos dous días e o traemos por urxencia. Nunca vai a quedar por parte do Goberno municipal da Coruña presidido por Inés Rey, nunca vai a quedar pola nosa parte. Dous días, menos de 48 horas e aquí está no Pleno.

*características. Abandonen la soberbia, abandonen la soberbia y entiendan que cada vez que nos piden algo —como pasó con la intermodal, que se tramitaron en tiempo récord las modificaciones urbanísticas, como ya ha recordado mi compañero Díaz Gallego— en este caso tardamos dos días y lo traemos por urgencia. Nunca va a quedar por parte del Gobierno municipal de A Coruña presidido por Inés Rey, nunca va a quedar por nuestra parte. Dos días, menos de 48 horas y aquí está en el Pleno.*

Estaremos todos de acordo? Pois supoñemos que estaremos de acordo. Agora, o que ninguén lle vai achacar a este goberno municipal é que cando se lle pideu que fixera modificacións orzamentarias, as fixo; cando se nos pideu que puxéramos un millón de euros, o puxemos; cando se nos pideu que puxéramos 8 millóns, os puxemos; cando se nos pideu que puxéramos 22 millóns, os puxemos. Pero o que non fixo a Xunta de Galicia a día de hoxe coa cidade da Coruña é executar un só metro deses novos accesos. Teñen aínda en licitación esta actuación, téñena en licitación.

*¿Estaremos todos de acuerdo? Pues suponemos que estaremos de acuerdo. Ahora, lo que nadie le va a achacar a este gobierno municipal es que cuando se le pidió que hiciera modificaciones presupuestarias, las hizo; cuando se nos pidió que pusiéramos un millón de euros, lo pusimos; cuando se nos pidió que pusiéramos 8 millones, los pusimos; cuando se nos pidió que me pusiéramos 22 millones, los pusimos. Pero lo que no hizo la Xunta de Galicia a día de hoy con la ciudad de A Coruña es ejecutar un solo metro de esos nuevos accesos. Tienen aún en licitación esta actuación, la tienen en licitación.*

Eu o único que lles pido é rigor, esa humildade da que falábamos, señor Lorenzo, que entendo que, primeiro, vostede non é responsable e eu non vou a facer demagoxia botándolle a culpa a vostede de nada, que non a ten. O único que lle digo é que, bueno, sexamos todos conscientes do que sucede, que é lóxico e que é razonable, que moitas veces diante de equipamentos que costan 200, 300, 400, 5000 millóns de euros poda haber dificultades, que poida haber retrasos. Non pasa nada, pero a cidade da Coruña xa leva moito tempo agardando por un novo equipamento hospitalario.

*Yo lo único que les pido es rigor, esa humildad de la que hablábamos, señor Lorenzo, que entiendo que, primero, usted no es responsable y yo no voy a hacer demagogia echándole la culpa a usted de nada, que no la tiene. Lo único que le digo es que, bueno, seamos todos conscientes de lo que sucede, que es lógico y que es razonable, que muchas veces ante equipamientos que cuestan 200, 300, 400, 5000 millones de euros pueda haber dificultades, que pueda haber retrasos. No pasa nada, pero la ciudad de A Coruña ya lleva mucho tiempo esperando por un nuevo equipamiento hospitalario.*

O único que pido é que deixen de agredir

*Lo único que pido es que dejen de agredir*

o Concello da Coruña intentando responsabilizarnos de aquelo que non é competencia nosa e que cada vez que nos piden que botemos unha man, este goberno municipal actúa con lealdade institucional, con cooperación porque esas son as indicacións que temos da nosa alcaldesa e sempre poñendo por diante os intereses dos coruñeses e das coruñesas, sempre, sempre.

**Ás once horas e un minutos sae do Salón de Sesións o señor García Fernández.**

Hoxe traemos aquí un cambio na financiación. Cal é o cambio que traemos? Vamos a contalo.

O cuadro de financiación que nos propoñen e que aceptamos significa que este ano 2023 que tiñamos previsto destinar un millón de euros para o novo CHUAC, nos piden que só destinemos 50.000 €; no ano 2024 nos piden que destinemos 8 millóns de euros; no 2025, 10 millóns e no 2026, 4.170.000 €. Gustaríame equivocarme, moitísimo, fíxense o que lle digo: moitísimo. Señor Lorenzo, gustaríame equivocarme moito. Espero que non sexa a última vez que temos que facer unha modificación orzamentaria. Só lle digo iso, e nós facemos o que nos piden. Fíxese que non discutimos se teñen que ser oito, dez ou catro. Sabe por que? Porque este goberno municipal na negociación que fixo coa Xunta de Galicia introduxo unha cláusula para salvagardar os intereses dos coruñeses e das coruñesas, e sabe cal é? Pois esa é a cláusula e) á que fai referencia a addenda. Esa cláusula e) o que di é que se paga cando se execute, no trimestre seguinte despois dunha certificación. Porque estaremos todos de acordo que xa solo faltaría que financiara o Concello da Coruña á Xunta de Galicia e que lle adiantara recursos.

*al Ayuntamiento de A Coruña intentando responsabilizarnos de aquello que no es competencia nuestra y que cada vez que nos piden que echemos una mano, este gobierno municipal actúa con lealtad institucional, con cooperación porque esas son las indicaciones que tenemos de nuestra alcaldesa y siempre poniendo por delante los intereses de los coruñeses y de las coruñesas, siempre, siempre.*

***A las once horas y un minutos sale del Salón de Sesiones el señor García Fernández.***

*Hoy traemos aquí un cambio en la financiación ¿Cuál es el cambio que traemos? Vamos a contarlo.*

*El cuadro de financiación que nos proponen y que aceptamos significa que este año 2023 que habíamos previsto destinar un millón de euros para el nuevo CHUAC, nos piden que solo destinemos 50.000 €; en el año 2024 nos piden que destinemos 8 millones de euros; en el 2025, 10 millones y en el 2026, 4.170.000 €. Me gustaría equivocarme, muchísimo, fíjense lo que le digo: muchísimo. Señor Lorenzo, me gustaría equivocarme mucho. Espero que no sea la última vez que tenemos que hacer una modificación presupuestaria. Solo le digo eso, y nosotros hacemos lo que nos piden. Fíjese que no discutimos si tienen que ser ocho, diez o cuatro ¿Sabe por qué? Porque este gobierno municipal en la negociación que hizo con la Xunta de Galicia introdujo una cláusula para salvaguardar los intereses de los coruñeses y de las coruñesas, y ¿sabe cuál es? Pues esa es la cláusula e) a la que hace referencia la adenda. Esa cláusula e) lo que dice es que se paga cuando se ejecute, en el trimestre siguiente después de una certificación. Porque estaremos todos de acuerdo que ya solo faltaría que financiara el Ayuntamiento de A Coruña a la Xunta de*

*Galicia y que le adelantara recursos.*

Pois ese é un dos cambios que se introduxo no acordo ó que se chegou coa conselleira de Infraestruturas fai uns meses. Esta administración mostra a súa colaboración en tódolos procedementos.

*Pues ese es uno de los cambios que se introdujo en el acuerdo al que se llegó con la conselleira de Infraestructuras hace unos meses. Esta administración muestra su colaboración en todos los procedimientos.*

Gustaríame equivocarme, señor Lorenzo, pero non vai a ser a última vez que a Xunta de Galicia nos propoña modificacións ou cambios, e gustaríame equivocarme e dicirlle que esta actuación que ten financiamento ata o ano 26 vai estar resolta antes dese ano 26, gustaríame equivocarme, pero sinceramente, creo que estamos só diante da primeira vez que se asume por parte da Xunta de Galicia un retraso neste equipamento.

*Me gustaría equivocarme, señor Lorenzo, pero no va a ser la última vez que la Xunta de Galicia nos proponga modificaciones o cambios, y me gustaría equivocarme y decirle que esta actuación que tiene financiación hasta el año 26 va a estar resuelta antes de ese año 26, me gustaría equivocarme, pero sinceramente, creo que estamos solo ante de la primera vez que se asume por parte de la Xunta de Galicia un retraso en este equipamiento.*

Creo que temos que ser exixentes. Hoxe aquí imos aprobar un cambio na financiación, pero de fondo eu o que lles pido é que aprobemos todos ser exixentes coa Xunta de Galicia e pedirlle que cumpla os prazos. Por agora está quedando a deber, por agora é un ano de retraso, un ano, sumados a todos os anos de retraso que leva a Xunta de Galicia sen abordar a necesidade dun novo centro hospitalario na cidade da Coruña.

*Creo que tenemos que ser exigentes. Hoy aquí vamos a aprobar un cambio en la financiación, pero de fondo yo lo que les pido es que aprobemos todos ser exigentes con la Xunta de Galicia y pedirle que cumpla los plazos. Por ahora está quedando a deber, por ahora es un año de retraso, un año, sumados a todos los años de retraso que lleva la Xunta de Galicia sin abordar la necesidad de un nuevo centro hospitalario en la ciudad de A Coruña.*

Ten a nosa colaboración, xa non o noso voto favorable, ten a nosa cooperación, a nosa man tendida. A diferencia do que ten feito o Partido Popular gobernando a Xunta de Galicia e instrumentalizando o Grupo municipal no pasado mandato, este goberno municipal actuou con absoluta lealdade e non se pasou o mes de agosto, o mes de setembro, o mes de outubro dicindo: é que non están cumprindo os prazos. Facémoslle a crítica aquí —claro, solo faltaría— e dicimos: seamos exixentes todos, pero

*Tiene nuestra colaboración, ya no nuestro voto favorable, tiene nuestra cooperación, nuestra mano tendida. A diferencia del que ha hecho el Partido Popular gobernando la Xunta de Galicia e instrumentalizando el Grupo municipal en el pasado mandato, este gobierno municipal actuó con absoluta lealtad y no se pasó el mes de agosto, el mes de septiembre, el mes de octubre diciendo: es que no están cumpliendo los plazos. Le hacemos la crítica aquí —claro, solo faltaría— y decimos: seamos exigentes*

non nos pasamos montando cortinas de fume para botarlle a culpa a outros, non, non. O martes nos chega a comunicación, o mércores vostedes recibiron onte antes do mediodía a documentación, porque hai que preparar unha documentación para o Pleno e hoxe traémolo por urxencia. Non sei se hai alguén que poida ser máis áxil e máis rápido. Desde logo, se actuaran como actuamos nós, non levaríamos un retraso dun ano coas obras do novo CHUAC.

*todos, pero no nos pasamos montando cortinas de humo para echarle la culpa a otros, no, no. El martes nos llega la comunicación, el miércoles ustedes recibieron ayer antes del mediodía la documentación, porque hay que preparar una documentación para el Pleno y hoy lo traemos por urgencia. No sé si hay alguien que pueda ser más ágil y más rápido. Desde luego, si actuaran como actuamos nosotros, no llevaríamos un retraso de un año con las obras del nuevo CHUAC.*

Solo lles pido un pouquiño de humildade, moita menos soberbia e que entendan que estas políticas de regate corto e de andar metendo o dedo no ollo cáeselles a careta, non nun ano, en meses, en meses, porque supoño que, salvo que alguén queira dicir que somos nós tamén os que facemos o novo hospital... Ó mellor tamén hai alguén atrevido que é capaz de dicilo, vale?

*Solo les pido un poquito de humildad, mucha menos soberbia y que entiendan que estas políticas de regate corto y de andar metiendo el dedo en el ojo se les cae la careta, no en un año, en meses, en meses, porque supongo que, salvo que alguien quiera decir que somos nosotros también los que hacemos el nuevo hospital... A lo mejor también hay alguien atrevido que es capaz de decirlo, ¿vale?*

Se teñen que volver a facer outra modificación, conten con nós, pero díganlle a verdade ós coruñeses e ás coruñesas. Se saben que os novos accesos do hospital, e o hospital non vai **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**, que non vai a estar para o ano 26, se saben que non vai estar para o ano 26, díganllo. Non lle mintan ós coruñeses e ás coruñesas, díganllo.

*Si tienen que volver a hacer otra modificación, cuenten con nosotros, pero díganle la verdad a los coruñeses y a las coruñesas. Si saben que los nuevos accesos del hospital, y el hospital no va* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)****, que no va a estar para el año 26, si saben que no va a estar para el año 26, díganselo. No les mientan a los coruñeses y a las coruñesas, díganselo.*

Nada máis. Moitas grazas.

*Nada más. Muchas gracias.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas, señor Lage.

*Muchas gracias, señor Lage.*

Iniciamos a quenda de debate, cinco minutos. Señora Veira.

*Iniciamos el turno de debate, cinco minutos. Señora Veira.*

**<u>Señora Veira González</u>**

***<u>Señora Veira González</u>***

Grazas, señora alcaldesa.

En primeiro lugar anunciamos o noso voto a favor deste asunto. Non teño ou non tiña pensado estenderme moito, mais si me gustaría facer un par de recordatorios da argumentación da Xunta de Galiza alá polo outono de 2020 para formularlle un convenio ó Concello da Coruña para a construción do chamado novo CHUAC.

**Ás once horas e oito minutos entra no Salón de Sesións o señor García Fernández.**

Para a Xunta de Galiza era urxentísimo en 2020 saltarse á toureira a legalidade e sacar adiante un convenio polo que comprometían que o Concello da Coruña asumise, pois as cargas, non? das expropiacións para construír o novo CHUAC, non?, para adquirir os terreos para a ampliación do novo CHUAC, cuestión que está moi lonxe, non?, de figurar entre as competencias dos concellos. Dicían naquel momento desde a Xunta de Galiza que o novo CHUAC era unha ferramenta importantísima para loitar contra a pandemia. Iso era o que nos argumentaban nunha especie de chantaxe pública ó Concello da Coruña para que admitise as condicións do acordo, fronte ó que nós, ademais, nos opuxemos. Non admitimos esa chantaxe e denunciamos, porque era evidentísimo que era imposíbel que o novo CHUAC fose útil para o combate da pandemia, porque era evidente que un hospital non ía estar a tempo para atender esa pandemia. E o certo é que estamos tres anos despois neste pleno, tres anos despois daquela chantaxe pública da Xunta de Galicia, pois debatendo que a Xunta de Galiza non cumpriu, non cumpriu os prazos. Dous anos e oito meses despois da sinatura, por certo, doutro convenio, dese primeiro convenio

*Gracias, señora alcaldesa.*

*En primer lugar anunciamos nuestro voto a favor de este asunto. No tengo o no había pensado extenderme mucho, pero sí me gustaría hacer un par de recordatorios de la argumentación de la Xunta de Galicia allá por el otoño de 2020 para formularle un convenio al Ayuntamiento de A Coruña para la construcción del llamado nuevo CHUAC.*

***A las once horas y ocho minutos entra en el Salón de Sesiones el señor García Fernández.***

*Para la Xunta de Galicia era urgentísimo en 2020 saltarse a la torera la legalidad y sacar adelante un convenio por el que comprometían que el Ayuntamiento de A Coruña asumiera, pues las cargas, ¿no? de las expropiaciones para construir el nuevo CHUAC, ¿no?, para adquirir los terrenos para la ampliación del nuevo CHUAC, cuestión que está muy lejos, ¿no?, de figurar entre las competencias de los ayuntamientos. Decían en aquel momento desde la Xunta de Galicia que el nuevo CHUAC era una herramienta importantísima para luchar contra la pandemia. Eso era lo que nos argumentaban en una especie de chantaje público al Ayuntamiento de A Coruña para que admitiera las condiciones del acuerdo, frente al que nosotros, además, nos opusimos. No admitimos ese chantaje y denunciamos, porque era evidentísimo que era imposible que el nuevo CHUAC fuera útil para el combate de la pandemia, porque era evidente que un hospital no iba a estar a tiempo para atender esa pandemia. Y lo cierto es que estamos tres años después en este pleno, tres años después de aquel chantaje público de la Xunta de Galicia, pues debatiendo que la Xunta de Galicia no cumplió, no cumplió los plazos. Dos años y ocho meses después de la firma, por cierto, de otro convenio,*

en cuxa votación nós nos abstivemos porque se lle pedía ó Concello que asumise compromisos máis alá das súas competencias no que tiña a ver coa obtención de solo para a ampliación do CHUAC, porque o certo é que o Concello da Coruña ó final, o Goberno local, mellor dito, o Goberno local en minoría de Inés Rey aceptou naquel momento a chantaxe da Xunta de Galiza e admitía, malia ter informes municipais en contra, admitía ter que asumir esas expropiacións, pero un tempo despois, apenas seis meses despois da aprobación da modificación... perdón, hai seis meses, trouxeron aquí, a Pleno, a modificación dese convenio do CHUAC que si contribuímos a aprobar e que o que, efectivamente, o Concello da Coruña pasaba a asumir as súas competencias propias a Xunta de Galiza as que lle correspondía. É dicir, nese convenio que aprobamos hai seis meses neste salón de plenos xa si figuraban as competencias de cada quen ben.

*de ese primer convenio en cuya votación nosotros nos abstuvimos porque se le pedía al Ayuntamiento que asumiera compromisos más allá de sus competencias en lo relacionado con la obtención de suelo para la ampliación del CHUAC, porque lo cierto es que el Ayuntamiento de A Coruña al final, el Gobierno local, mejor dicho, el Gobierno local en minoría de Inés Rey aceptó en aquel momento el chantaje de la Xunta de Galicia y admitía, a pesar de tener informes municipales en contra, admitía tener que asumir esas expropiaciones, pero un tiempo después, apenas seis meses después de la aprobación de la modificación... perdón, hace seis meses, trajeron aquí, a Pleno, la modificación de ese convenio del CHUAC que sí contribuimos a aprobar y que lo que, efectivamente, el Ayuntamiento de A Coruña pasaba a asumir sus competencias propias la Xunta de Galicia las que le correspondía. Es decir, en ese convenio que aprobamos hace seis meses en este salón de plenos ya sí figuraban las competencias de cada cual bien.*

Vemos agora, efectivamente, despois de seis meses como a Xunta de Galiza non está a cumprir nin os prazos nin os compromisos anuais que o propio Goberno galego se fixou para si propio, non?. Aínda ben que ó final non necesitabamos realmente para combater a pandemia o novo CHUAC, porque se non, evidentemente, non chegabamos. Ó final o que precisábamos para a pandemia eran medios e persoal, por certo, necesidade aínda de plena actualidade na sanidade pública galega. Seguimos necesitando persoal e medios. A necesidade de persoal e medios na atención primaria segue a estar tan vixente como estaba cando debatemos ese primeiro convenio, cando debatemos a modificación dese convenio e tamén agora. Seguimos necesitando persoal na

*Vemos ahora, efectivamente, después de seis meses cómo la Xunta de Galicia no está cumpliendo ni los plazos ni los compromisos anuales que el propio Gobierno gallego se fijó para sí mismo, ¿no? Aunque al final no necesitábamos realmente para combatir la pandemia el nuevo CHUAC, porque si no, evidentemente, no llegábamos. Al final lo que necesitábamos para la pandemia eran medios y personal, por cierto, necesidad aún de plena actualidad en la sanidad pública gallega. Seguimos necesitando personal y medios. La necesidad de personal y medios en la atención primaria sigue estando tan vigente como estaba cuando debatimos ese primer convenio, cuando debatimos la modificación de ese convenio y también ahora. Seguimos necesitando personal en la atención*

atención primaria; seguimos necesitando persoal na atención hospitalaria; seguimos necesitando persoal nos centros de orientación familiar da cidade da Coruña; seguimos necesitando aumentar o persoal para atender a saúde mental. Non vaiamos construír —recórdoo sempre neste salón de plenos— un continente moi grande sen contido. Advertímolo sempre e volvemos a advertilo neste salón de plenos hoxe.

*primaria; seguimos necesitando personal en la atención hospitalaria; seguimos necesitando personal en los centros de orientación familiar de la ciudad de A Coruña; seguimos necesitando aumentar el personal para atender la salud mental. No vayamos a construir —lo recuerdo siempre en este salón de plenos— un continente muy grande sin contenido. Lo advertimos siempre y volvemos a advertirlo en este salón de plenos hoy.*

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Veira, grazas ó BNG.

*Muchas gracias, señora Veira, gracias al BNG.*

Turno do Partido Popular, señor Rodríguez.

*Turno del Partido Popular, señor Rodríguez.*

**Señor Rodríguez Martínez**

***Señor Rodríguez Martínez***

Ben, bo día ós compañeiros de Corporación, ó persoal do Concello, ós medios de comunicación e a todos aqueles que nos acompañan neste salón de plenos ou a través de *streaming*, hoxe cunha mención especial para aqueles compañeiros e compañeiras que nos escoitan neste salón.

*Bien, buenos días a los compañeros de Corporación, al personal del Ayuntamiento, a los medios de comunicación y a todos aquellos que nos acompañan en este salón de plenos o a través de la retransmisión en directo, hoy con una mención especial para aquellos compañeros y compañeras que nos escuchan en este salón.*

Hoxe é xusto comezar a miña intervención felicitando o Goberno municipal. Xa sei, señor Lage, que vostede con certa frecuencia acúsanos de negarlle ó Goberno de Inés Rey calquera tipo de mérito. O certo é que cando vostedes fan algo ben, este grupo non ten problema en reconocerllo. Por desgraza, igualmente é certo que non nos dan moitas oportunidades, ese é o problema, pero hoxe si. Hoxe por primeira vez dende que vostedes gobernan traen a este pleno un asunto con carácter de urxencia que de verdade é un asunto urxente en

*Hoy es justo comenzar mi intervención felicitando al Gobierno municipal. Ya sé, señor Lage, que usted con cierta frecuencia nos acusa de negarle al Gobierno de Inés Rey cualquier tipo de mérito. Lo cierto es que cuando ustedes hacen algo bien, este grupo no tiene problema en reconocérselo. Por desgracia, igualmente es cierto que no nos dan muchas oportunidades, ese es el problema, pero hoy sí. Hoy por primera vez desde que ustedes gobiernan traen a este pleno un asunto con carácter de urgencia que de verdad es un asunto*

fondo e en forma e é xusto recoñecelo.

*urgente en fondo y en forma y es justo reconocerlo.*

Pero bueno, tamén é xusto, pois seguindo un pouco a liña do señor Lage, poñer eses puntos sobre as íes, non? Falaba vostede de dilixencia e de compromiso. Bueno, hai que recordar, hai que lembrar que no pasado mes de abril, con motivo da aprobación do convenio que hoxe addendamos vímonos na obriga de lembrarlles que o traían a este pleno con dous anos de atraso, pois tardaron vostedes oito meses en asinar o convenio marco; sete meses en conceder a licenza da fase cero alegando que non había un estudo de detalle que logo se demostrou que non facía falta; catro meses máis en traer o convenio a aprobación, que pese ás nosas advertencias tiveron que traer novamente catro meses despois. En total 23 meses.

*Pero bueno, también es justo, pues siguiendo un poco la línea del señor Lage, poner esos puntos sobre las íes, ¿no? Hablaba usted de diligencia y de compromiso. Bueno, hay que recordar, hay que recordar que en el pasado mes de abril, con motivo de la aprobación del convenio que hoy adendamos nos vimos en el deber de recordarles que lo traían a este pleno con dos años de retraso, pues tardaron ustedes ocho meses en firmar el convenio marco; siete meses en conceder la licencia de la fase cero alegando que no había un estudio de detalle que luego se demostró que no hacía falta; cuatro meses más en traer el convenio a aprobación, que pese a nuestras advertencias tuvieron que traer nuevamente cuatro meses después. En total 23 meses.*

Efectivamente, vostedes non son responsables dun ano de retraso, son responsables de dous e isto non é ciencia ficción. Polo tanto, 23 meses de innecesario atraso nun investimento de 500 millóns de euros que blindará a sanidade pública da nosa cidade e a súa área de influencia para os vindeiros 50 anos.

*Efectivamente, ustedes no son responsables de un año de retraso, son responsables de dos y esto no es ciencia ficción. Por lo tanto, 23 meses de innecesario retraso en una inversión de 500 millones de euros que blindará la sanidad pública de nuestra ciudad y su área de influencia para los próximos 50 años.*

**Ás once horas e trece minutos sae do Salón de Sesións a señora Veira González.**

***A las once horas y trece minutos sale del Salón de Sesiones la señora Veira González.***

Pero insisto, hoxe, polo contrario, felicitámolos. Por que? Porque apenas 72 horas despois da confirmación da aceptación do texto da addenda por todas as partes afectadas procederemos a súa aprobación, co voto favorable, por suposto, do Partido Popular, a fin de acompasar os ritmos de execución da obra xa licitada ó financiamento da mesma, circunstancia doutra banda

*Pero insisto, hoy, por el contrario, los felicitamos ¿Por que? Porque apenas 72 horas después de la confirmación de la aceptación del texto de la adenda por todas las partes procederemos a su aprobación, con el voto favorable, por supuesto, del Partido Popular, a fin de acompasar los ritmos de ejecución de la obra ya licitada a la financiación de la misma, circunstancia por otro lado*

habitual en actuacións desta envergadura e incluso en actuacións de menor envergadura. É que no pasado Pleno ordinario, señor Lage, fixemos o mesmo a través dun modificativo para o centro cívico do Birloque; que pasou co mercado de Monte Alto? Que está a pasar coas obras nos pelamios do Paseo Marítimo? Son circunstancias que ocorren. Neste caso é certo que non hai nada executado, pero vostede sabe perfectamente que se asinou o convenio en abril e que en xuño estaba a obra licitada e agora está pendente da adxudicación.

*habitual en actuaciones de esta envergadura e incluso en actuaciones de menor envergadura. Es que en el pasado Pleno ordinario, señor Lage, hicimos lo mismo a través de un modificativo para el centro cívico del Birloque ¿Que pasó con el mercado de Monte Alto? ¿Que está pasando con las obras en los pelamios del Paseo Marítimo? Son circunstancias que ocurren. En este caso es cierto que no hay nada ejecutado, pero usted sabe perfectamente que se firmó el convenio en abril y que en junio estaba la obra licitada y ahora está pendiente de la adjudicación.*

En definitiva, felicitacións. Haberá que esperar aínda a ver se efectivamente estas son as maneiras deste novo mandato rebautizado do diálogo 2.0 ou se dentro dunhas semanas con motivo, por exemplo, da negociación dos orzamentos, volven vostedes ás andadas, pero en calquera caso non ten sentido ocultar a nosa grata sorpresa de hoxe. É máis, animámoslles a que persevere nesta nova forma de xestionar, para vostedes, no que atinxe a outra infraestrutura sanitaria pendente na nosa cidade, tamén dende hai demasiado tempo: o centro de saúde de Santa Lucía.

*En definitiva, felicitaciones. Habrá que esperar aún a ver si efectivamente estas son las maneras de este nuevo mandato rebautizado del diálogo 2.0 o si dentro de unas semanas con motivo, por ejemplo, de la negociación de los presupuestos, vuelven ustedes a las andadas, pero en cualquier caso no tiene sentido ocultar nuestra grata sorpresa de hoy. Es más, les animamos a que persevere en esta nueva forma de gestionar, para ustedes, en lo que se refiere a la otra infraestructura sanitaria pendiente en nuestra ciudad, también desde hace demasiado tiempo: el centro de salud de Santa Lucía.*

E por suposto, que quede claro, facendo as cousas ben como se fan hoxe, sen trabas e sen atrasos, contan co noso apoio incondicional para exixir ante quen sexa o estrito cumprimento dos plazos de execución coa mesma firmeza que esperamos deste goberno municipal para exixir outras obrigas, por exemplo do Goberno central, coa nosa cidade: Alfonso Molina, a Cuarta Rolda ou a chegada dos trens Avril da que logo tamén se falará.

*Y por supuesto, que quede claro, haciendo las cosas bien como se hacen hoy, sin trabas y sin retrasos, cuentan con nuestro apoyo incondicional para exigir ante quién sea el estricto cumplimiento de los plazos de ejecución con la misma firmeza que esperamos de este gobierno municipal para exigir otras obligaciones, por ejemplo del Gobierno central, con nuestra ciudad: Alfonso Molina, la Cuarta Ronda o la llegada de los trenes Avril de la que luego también se hablará.*

Eu non sei se o señor Laxe vai... o señor Lage vai volver a intervir, porque o certo é que o seu turno de presentación foi algo

*Yo no sé si el señor Laxe va... el señor Lage va a volver a intervenir, porque lo cierto es que su turno de presentación fue*

máis que ese turno de presentación e penso que é necesario aclarar esto.

Vostede, señora Rey, ten unha gran vantaxe con este grupo Popular, que é que vai respectar o criterio que vostede considere oportuno, o vai a acatar. O que si lle vamos a pedir..., non, perdón, no llo vamos a pedir. O que si vamos a exixir é que ese criterio se aplique a todos os grupos desta corporación, e se o pasado Pleno ordinario se afeou a conduta ó señor Coira por saírse do que era o asunto de debate, penso que tampouco está de máis intentar que os turnos de presentación de asuntos por parte do Goberno sexan iso e non unha intervención sobre o posicionamento político e incluso máis alá do propio Goberno. Por tanto, insisto, nós imos respectar o que vostede acorde. Vostede dirixe o Pleno e establece o criterio que lle pareza convinte e nós o imos respectar, pero si ten que ser o mesmo para todos os grupos da Corporación.

Señora Veira, remato xa, benvida vostede á unanimidade, benvido o Grupo Nacionalista Galego á unanimidade en materia do CHUAC. Agradézolle porque vostedes non perden a ocasión de intentar desprestixiar a sanidade pública galega, agradézolle que hoxe, bueno, pois o fixeran con certa moderación. Levan tentándoo durante anos, non o van a conseguir porque, entre outras cousas, o esforzo que está a desenvolver a Xunta de Galicia nesta materia, co presuposto máis alto da historia, case 5.000 millóns, con acordos retributivos de redución de xornada que alcanzan xa a máis de 43.000 profesionais do Sergas, coa maior oferta de prazas MIR da nosa historia, entre elas 1.500 prazas de enfermería, coa mellora das infraestruturas en atención primaria ou duplicando os fondos para o Programa Galego de Vacinación, o que foi obxecto

*algo más que ese turno de presentación y pienso que es necesario aclarar esto.*

*Usted, señora Rey, tiene una gran ventaja con este grupo Popular, que es que va a respetar el criterio que usted considere oportuno, lo va a acatar. Lo que sí le vamos a pedir..., no, perdón, no se lo vamos a pedir. Lo que sí vamos a exigir es que ese criterio se aplique a todos los grupos de esta corporación, y si el pasado Pleno ordinario se afeó la conducta al señor Coira por salirse de lo que era el asunto de debate, creo que tampoco está de más intentar que los turnos de presentación de asuntos por parte del Gobierno sean eso y no una intervención sobre el posicionamiento político e incluso más allá del propio Gobierno. Por tanto, insisto, nosotros vamos a respetar lo que usted acuerde. Usted dirige el Pleno y establece el criterio que le parezca conveniente y nosotros lo vamos a respetar, pero sí tiene que ser el mismo para todos los grupos de la Corporación.*

*Señora Veira, finalizo ya, bienvenida usted a la unanimidad, bienvenido el Grupo Nacionalista Gallego a la unanimidad en materia del CHUAC. Le agradezco porque ustedes no pierden la ocasión de intentar desprestigiar la sanidad pública gallega, le agradezco que hoy, bueno, pues lo hayan hecho con cierta moderación. Llevan intentándolo durante años, no lo van a conseguir porque, entre otras cosas, el esfuerzo que está desarrollando la Xunta de Galicia en esta materia, con el presupuesto más alto de la historia, casi 5.000 millones, con acuerdos retributivos de reducción de jornada que alcanzan ya a más de 43.000 profesionales del Sergas, con la mayor oferta de plazas MIR de nuestra historia, entre ellas 1.500 plazas de enfermería, con la mejora de las infraestructuras en atención primaria o duplicando los fondos para el Programa Gallego de*

de recoñecemento na prensa estranxeira e recentemente hai uns días por ser pioneiros na inmunización no calendario infantil da vacina contra o virus sincitial respiratorio, bueno, pois grazas a ese esforzo, por exemplo, esas listas de agarda que vostede tanto acostuma a falar —eu voulle dar datos oficiais do sistema— **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** do Sistema Nacional de Saúde— acreditan que Galicia segue a ser unha das comunidades con menor lista de espera. A terceira no caso de intervencións quirúrxicas, 75 días de media frente á media nacional de 122, e a porcentaxe de pacientes de agarda que agardan por unha intervención máis de seis meses, aquí é única e exclusivamente do 6,7 % mentres que é o 22 % na media española. Somos o segundo mellor dato de España, tamén a terceira no caso de primeiras consultas: 66 días mentres a media nacional está en un mes máis, 95.

Polo tanto, por eso, porque vostedes non teñen razón cando intentan desprestixiar a sanidade galega, o barómetro sanitario do Ministerio de Sanidade —non son datos ningúns dos que estou dando da Xunta, senón do propio Ministerio— sinala que a cidadanía galega é a que máis confía na sanidade pública de toda España. Polo tanto, alegrámonos de que vostedes se incorporen.

Votaremos a favor, por suposto, de esta addenda.

Máis nada, moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas.

*Vacunación, lo que fue objeto de reconocimiento en la prensa extranjera y recientemente hace unos días por ser pioneros en la inmunización en el calendario infantil de la vacuna contra el virus sincitial respiratorio, bueno, pues gracias a ese esfuerzo, por ejemplo, esas listas de espera que usted tanto acostumbra a hablar —yo le voy a dar datos oficiales del sistema* ***(se oye una señal acústica indicativo de la finalización del tiempo de intervención)****, del Sistema Nacional de Salud— acreditan que Galicia sigue siendo una de las comunidades con menor lista de espera. La tercera en el caso de intervenciones quirúrgicas, 75 días de media frente a la media nacional de 122, y el porcentaje de pacientes de espera que esperan por una intervención más de seis meses, aquí es única y exclusivamente del 6,7 % mientras que es el 22 % en la media española. Somos el segundo mejor dato de España, también la tercera en el caso de primeras consultas: 66 días mientras la media nacional está en un mes más, 95.*

*Por lo tanto, por eso, porque ustedes no tienen razón cuando intentan desprestigiar a la sanidad gallega, el barómetro sanitario del Ministerio de Sanidad —no son datos ningunos de los que estoy dando de la Xunta, sino del propio Ministerio— señala que la ciudadanía gallega es la que más confía en la sanidad pública de toda España. Por lo tanto, nos alegramos de que ustedes se incorporen.*

*Votaremos a favor, por supuesto, de esta adenda.*

*Nada más, muchas gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

Turno para o Goberno local a través do seu voceiro. Señor Lage, pecha o debate.

*Turno para el Gobierno local a través de su portavoz. Señor Lage, cierra el debate.*

**Señor Lage Tuñas**

***Señor Lage Tuñas***

Grazas, señora alcaldesa.

*Gracias, señora alcaldesa.*

Darlle as grazas a todos os grupos municipais por compartir unha reflexión, que é a de que todas e todos estamos dispostos a exixirlle á Xunta de Galicia que cumpra os prazos que o Goberno galego dou.

*Darle las gracias a todos los grupos municipales por compartir una reflexión, que es la de que todas y todos estamos dispuestos a exigirle a la Xunta de Galicia que cumpla los plazos que el Gobierno gallego dio.*

Un hospital non é que leve retraso por unha tramitación dun convenio co Concello, é que ten un retraso histórico. O nivel de discriminación que ten sufrido a nosa cidade por parte da Xunta de Galicia eu creo que é pouco discutible. É dicir, estamos falando dunha infraestrutura que moitas das súas partes chega a quedar obsoleta. Exiximos axilidade á Xunta de Galicia e non exiximos nin máis nin menos que que cumpra co cronograma previsto, con ese reloxo, con esa conta atrás para que se cumpran os prazos que se lle dixeron a todos os coruñeses e coruñesas.

*Un hospital no es que lleve retraso por una tramitación de un convenio con el Ayuntamiento, es que tiene un retraso histórico. El nivel de discriminación que ha sufrido nuestra ciudad por parte de la Xunta de Galicia yo creo que es poco discutible. Es decir, estamos hablando de una infraestructura que muchas de sus partes llega a quedar obsoleta. Exigimos agilidad a la Xunta de Galicia y no exigimos nada más y nada menos que cumpla con el cronograma previsto, con ese reloj, con esa cuenta atrás para que se cumplan los plazos que se le dijeron a todos los coruñeses y coruñesas.*

**Ás once horas e dezaoito minutos saen do Salón de Sesións o señor Soto Díaz e a señora Fontela Baro.**

***A las once horas y dieciocho minutos salen del Salón de Sesiones el señor Soto Díaz y la señora Fontela Baro.***

Non lles debe de molestar que recorde que A Coruña vai a ser a última das cidades galegas en renovar o seu hospital e non é de recibo este trato por parte do Partido Popular e da Xunta de Galicia. Levan gobernando máis de 14 anos e os socialistas claro que defendemos unha sanidade de calidade. Os socialistas defendemos unha sanidade de calidade e entendemos que hai que cooperar institucionalmente para que haxa os mellores equipamentos.

*No les debe molestar que recuerde que A Coruña va a ser la última de las ciudades gallegas en renovar su hospital y no es de recibo este trato por parte del Partido Popular y de la Xunta de Galicia. Llevan gobernando más de 14 años y los socialistas claro que defendemos una sanidad de calidad. Los socialistas defendemos una sanidad de calidad y entendemos que hay que cooperar institucionalmente para que haya los mejores equipamientos.*

Cando montaron a cortina de fume que

*Cuando montaron la cortina de humo que*

montaron durante o mes de febreiro, durante o mes de xaneiro, durante o mes de marzo, porque había unhas eleccións municipais e pensaban que facendo ruído e culpabilizando o Goberno municipal que íban a ter algún rédito de eso, con esas maniobras de regate corto, o único que conseguiron é que ahora queden en evidencia.

*montaron durante el mes de febrero, durante el mes de enero, durante el mes de marzo, porque había unas elecciones municipales y pensaban que haciendo ruido y culpabilizando al Gobierno municipal que iban a tener algún rédito de eso, con esas maniobras de regate corto, lo único que consiguieron es que ahora queden en evidencia.*

Cando nos pediron que puxéramos un millón de euros, porque parece que nolo pediran fai dous anos ou tres. Non, non, non, non. Concretamente, o Concello aprobou o 13 de abril o millón de euros que nos reclamaba. É que non sabían o 13 de abril que non ían a ter executado un só metro de obra a mes de outubro?

*Cuando nos pidieron que pusiéramos un millón de euros, porque parece que nos lo habían pedido hace dos años o tres. No, no, no, no. Concretamente, el Ayuntamiento aprobó el 13 de abril el millón de euros que nos reclamaba ¿Es que no sabían el 13 de abril que no iban a haber ejecutado un solo metro de obra a mes de octubre?*

A min paréceme unha falta de profesionalidade, de rigor, paréceme xogar con algo que non se debe de xogar, que é coa sanidade, pero nolo exixiron e nos responsabilizaban de que as obras do hospital non se fixeran se non cambiábamos un convenio, se non aportábamos un millón de euros. O Concello puxo recursos. Podíamolos ter destinado a outros fins. Nós non administramos 11.500 millóns de euros como administra a Comunidade Autónoma, que ten, non solo recursos, senón que ten os recursos precisamente para as competencias que ten, que é a sanidade.

*A mí me parece una falta de profesionalidad, de rigor, me parece jugar con algo que no se debe de jugar, que es con la sanidad, pero nos lo exigieron y nos responsabilizaban de que las obras del hospital no se habían hecho si no cambiábamos un convenio, si no aportábamos un millón de euros. El Ayuntamiento puso recursos. Podíamos haberlos destinado a otros fines. Nosotros no administramos 11.500 millones de euros como administra la Comunidad Autónoma, que tiene, no solo recursos, sino que tiene los recursos precisamente para las competencias que tiene, que es la sanidad.*

**Ás once horas e vinte e dous minutos entran no Salón de Sesións a señora Fontela Baró e o señor Soto Díaz.**

***A las once horas y veintidós minutos entran en el Salón de Sesiones a señora Fontela Baró y el señor Soto Díaz.***

Bueno, agora o que nos están pedindo é retrasar o hospital un ano e eu reitérolles, señor Rodríguez, agardo que sexa a última vez que nos piden que cambiemos o cuadro de financiación por un retraso dun ano. Gustaríame equivocarme, pero creo que non vai a ser a última vez que

*Bueno, ahora lo que nos están pidiendo es retrasar el hospital un año y yo les reitero, señor Rodríguez, espero que sea la última vez que nos piden que cambiemos el cuadro de financiación por un retraso de un año. Me gustaría equivocarme, pero creo que no va a ser la última vez que*

teñamos debates destas características.

Iso non impide o marco de colaboración institucional. No seu momento, coa conselleira Ethel Vázquez chegamos a un acordo e estamos dispostos a todos os acordos que sexan necesarios, pero sen deixar de ser exixentes.

Señor Rodríguez, ten no seu teléfono, no seu teléfono, para que saiba que cando eu falo, falo con probas. Eu non falo ó aire, eh?

Señor Lorenzo, que me está mirando así, de esa maneira, ben o sabe vostede, que xa llo teño demostrado. Non falo por falar. Cando un non ten nada que aportar, mellor é que estea calado. Vostede foi intelixente hoxe quitándose do tiro de cámara, por dicilo dalgunha maneira, menudo embolado. É normal, fai uns meses, pois nos viñan a dicir que o Concello era responsable. Ahora resulta que a Xunta retrasa un ano o hospital.

**Ás once horas e vinte e tres minutos entra no Salón de Sesións a señora Veira González.**

O señor Rodríguez ten no seu teléfono, porque llo enviei eu, por eso o digo, unha comunicación privada cun dato público. Para falar da sanidade, vostedes están precarizando a sanidade pública en Galicia permanentemente, pero non en Chandrexa de Queixa, que como galego me preocupa. Sabe onde é Chandrexa, verdade, señor Lorenzo? Xa llo contarei eu, non se preocupe. Pero sabe onde é o Ventorrillo, verdade? Pois nese centro de saúde no que está a miña médica de familia eu acabo de solicitar cita agora, cando estaba escoitando atentamente ó señor Rodríguez, que un pode ás veces facer dúas cousas ó mesmo tempo. Sabe cantos días se espera nesta cidade para

*tengamos debates de estas características.*

*Eso no impide el marco de colaboración institucional. En su momento, con la conselleira Ethel Vázquez llegamos a un acuerdo y estamos dispuestos a todos los acuerdos que sean necesarios, pero sin dejar de ser exigentes.*

*Señor Rodríguez, tiene en su teléfono, en su teléfono, para que sepa que cuando yo hablo, hablo con pruebas. Yo no hablo al aire, ¿eh?*

*Señor Lorenzo, que me está mirando así, de esa manera, bien lo sabe usted, que ya se lo he demostrado. No hablo por hablar. Cuando uno no tiene nada que aportar, mejor es que esté callado. Usted fue inteligente hoy quitándose del tiro de cámara, por decirlo de alguna manera, menudo embolado. Es normal, hace unos meses, pues nos venían a decir que el Ayuntamiento era responsable. Ahora resulta que la Xunta retrasa un año el hospital.*

***A las once horas y veintitrés minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Veira González.***

*El señor Rodríguez tiene en su teléfono, porque se lo envié yo, por eso lo digo, una comunicación privada con un dato público. Para hablar de la sanidad, ustedes están precarizando la sanidad pública en Galicia permanentemente, pero no en Chandrexa de Queixa, que como gallego me preocupa. Sabe donde es Chandrexa, ¿verdad, señor Lorenzo? Ya se lo contaré yo, no se preocupe. Pero ¿sabe donde es el Ventorrillo, verdad? Pues en ese centro de salud en el que está mi médica de familia yo acabo de solicitar cita ahora, cuando estaba escuchando atentamente al señor Rodríguez, que uno puede a veces hacer dos cosas al mismo tiempo ¿sabe cuantos días se espera en*

que o atenda o médico de familia coa gestión desastrosa do Partido Popular durante 14 anos na Xunta de Galicia? Hoxe é o día de San Froilán. Ás veces sei que non lles gustan as referencias onomásticas, relixiosas. Bueno, é cultura, cultura cristiana. 12 días, 12 días. Nesta cidade, nesta cidade, eh? *Juan Pueblo, o coruñesiño de a pé*, tarda 12 días en que a Xunta de Galicia lle poda dar cita para o médico, 12. **(Óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**.

Señor Rodríguez, verdade que ten a proba gráfica? 17, é o primeiro día, o primeiro día para poder ter cita no médico no Ventorrillo. Polo tanto, por favor, seamos todos exixentes co Goberno galego e que dunha vez por todas se tomen en serio a sanidade pública, que é algo que nos preocupa a todos e a todas.

Nada máis e moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Lage. Grazas a todos os grupos.

Procedemos á votación deste asunto número sete.

**Votación do asunto número sete**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número sete relacionado na orde do día, previa votación e aprobación da súa urxencia e a súa inclusión neste, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (PP) (12 votos).

Vota a favor o Grupo municipal dos

*esta ciudad para que lo atienda el médico de familia con la gestión desastrosa del Partido Popular durante 14 años en la Xunta de Galicia? Hoy es el día de San Froilán. A veces sé que no les gustan las referencias onomásticas, religiosas. Bueno, es cultura, cultura cristiana. 12 días, 12 días. En esta ciudad, en esta ciudad, ¿eh?* Juan Pueblo, el coruñesito de a pie, *tarda 12 días en que la Xunta de Galicia le pueda dar cita para el médico, 12.* ***(Se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)****.*

*Señor Rodríguez, ¿verdad que tiene la prueba gráfica? 17, es el primer día, el primer día para poder tener cita en el médico en el Ventorrillo. Por lo tanto, por favor, seamos todos exigentes con el Gobierno gallego y que de una vez por todas se tomen en serio la sanidad pública, que es algo que nos preocupa a todos y a todas.*

*Nada más y muchas gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Lage. Gracias a todos los grupos.*

*Procedemos a la votación de este asunto número siete.*

***Votación del asunto número siete***

*Seguidamente por la Presidencia se somete la votación el asunto número siete relacionado en el orden del día, previa votación y aprobación de su urgencia y su inclusión en este, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (PP) (12 votos).*

*Vota a favor el Grupo municipal de los*

Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos).

*Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos).*

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (4 votos).

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (4 votos).*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Queda aprobado por unanimidade da Corporación

*Queda aprobado por unanimidad de la Corporación.*

**Acordo**

***Acuerdo***

1.- Aprobar o texto da addenda ao "convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña para a tramitación e formalización da obtención dos terreos necesarios para a execución das obras do novo hospital do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e para a execución dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade" que se xunta como anexo a este acordo (CSV: 6T1Z386E4D3B0R0Y0TYE).

*1.- Aprobar el texto de la adenda al "convenio de colaboración entre la Xunta de Galicia y el Ayuntamiento de A Coruña para la tramitación y formalización de la obtención de los terrenos necesarios para la ejecución de las obras del nuevo hospital del Complejo Hospitalario Universitario de A Coruña y para la ejecución de los accesos desde la red viaria de alta capacidad" que se une como anexo a este acuerdo (CSV: 6T1Z386E4D3B0R0Y0TYE).*

2.- Deixar sen efecto o punto segundo do Acordo do Pleno do 13.04.2023 polo que se aprobou o convenio sinalado no punto anterior.

*2.- Dejar sin efecto el punto segundo del Acuerdo del Pleno del 13.04.2023 por el que se aprobó el convenio señalado en el punto anterior.*

3.- Autorizar e comprometer o gasto, a favor do SERGAS (Q6550006H) para 2023 por importe de 50.000 € e o gasto plurianual de 22.170.000 € (2024: 8.000.000 €; 2025: 10.000.000 € e 2026: 4.170.000 €) que no convenio e na súa addenda se establece como aportación municipal do Concello da Coruña.

*3.- Autorizar y comprometer el gasto, a favor del SERGAS (Q6550006H) para 2023 por importe de 50.000 € y el gasto plurianual de 22.170.000 € (2024: 8.000.000 €; 2025: 10.000.000 € y 2026: 4.170.000 €) que en el convenio y en su adenda se establece como aportación municipal del Ayuntamiento de A Coruña.*

Do total comprometido de 8 millóns de euros da anualidade 2024, 950.000 € financiados cun préstamo xa subscrito, será con cargo ao crédito xa existente na aplicación orzamentaria 30.151.750.00

*Del total comprometido de 8 millones de euros de la anualidad 2024, 950.000 € financiados con un préstamo ya suscrito, será con cargo al crédito ya existente en la aplicación presupuestaria*

(Código de Proxecto 2023/2/30/2), e que será de incorporación obrigatoria ao Orzamento 2024 segundo o disposto no artigo 182.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).

*30.151.750.00 (Código de Proyecto 2023/2/30/2), y que será de incorporación obligatoria al Presupuesto 2024 según lo dispuesto en el artículo 182.3 del Real Decreto Legislativo 2/2004, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales (TRLRFL).*

Así mesmo, e de acordo coa literalidade do artigo 174.1 do TRLRFL, a realización dos gastos dos exercicios futuros queda subordinada ao crédito que para cada exercicio futuro autoricen os respectivos orzamentos municipais.

*Asimismo, y de acuerdo con la literalidad del artículo 174.1 del TRLRHL, la realización de los gastos de los ejercicios futuros queda subordinada al crédito que para cada ejercicio futuro autoricen los respectivos presupuestos municipales.*

Atendendo ao carácter excepcional, polo evidente interese público que representan as actuacións previstas no convenio, de conformidade co art. 174.5 do TRLRFL, en relación aos compromisos e gastos de exercicios futuros comprometidos no convenio, o Pleno acorda que se eleven e modifiquen as porcentaxes aos que se refire o dito artigo de acordo cos compromisos asumidos nesta addenda ao convenio para cada anualidade futura.

*Atendiendo al carácter excepcional, por el evidente interés público que representan las actuaciones previstas en el convenio, de conformidad con el art. 174.5 del TRLRFL, en relación a los compromisos y gastos de ejercicios futuros comprometidos en el convenio, el Pleno acuerda que se eleven y modifiquen los porcentajes a los que se refiere dicho artículo de acuerdo con los compromisos asumidos en esta adenda al convenio para cada anualidad futura.*

4.- Facultar expresamente á Alcaldía, tan amplamente como en legal forma sexa posible, para a sinatura da Addenda ao convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña para a tramitación e formalización da obtención dos terreos necesarios para a execución das obras do novo hospital do complexo hospitalario universitario da Coruña e para a execución dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade, e para realizar todos os actos, trámites e xestións que sexan precisos para os efectos de acadar o cumprimento dos fins e obxectivos da dita Addenda.

*4.- Facultar expresamente a la Alcaldía, tan ampliamente como en legal forma sea posible, para la firma de la Adenda al convenio entre la Xunta de Galicia y el Ayuntamiento de A Coruña para la tramitación y formalización de la obtención de los terrenos necesarios para la ejecución de las obras del nuevo hospital del complejo hospitalario universitario de A Coruña y para la ejecución de los accesos desde la red viaria de alta capacidad, y para realizar todos los actos, trámites y gestiones que sean precisos a efectos de alcanzar el cumplimiento de los fines y objetivos de la dicha Adenda.*

**ANEXO**

**ADDENDA AO CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A TRAMITACIÓN E FORMALIZACIÓN DA OBTENCIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO NOVO HOSPITAL DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA E PARA A EXECUCIÓN DOS ACCESOS DENDE A REDE VIARIA DE ALTA CAPACIDADE**

**REUNIDOS**

D. Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e nos Decretos 136/2019 e 137/2019, de 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Dª Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade e presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, actuando en nome e representación desta, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e no artigo 9.a) dos Estatutos da axencia, aprobados por Decreto 173/2011, do 4 de agosto.

Dª Inés Rey García, actuando en nome e representación do Concello da Coruña, en virtude da súa condición de Alcaldesa-Presidenta da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e en execución dos acordos do Pleno do Concello da Coruña de 25 de xaneiro de 2021 e de 13 de abril de 2023.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar a addenda ao presente convenio e para iso,

**EXPOÑEN:**

**PRIMEIRO.**

O 30 de maio de 2023 asinouse o "Convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña para a tramitación e formalización da obtención dos terreos necesarios para a execución das obras do novo hospital do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e para a execución dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade".

O convenio prevé o desenvolvemento das seguintes actuacións:

- A adquisición dos terreos necesarios para a materialización do novo recinto hospitalario.
- A execución dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade que se definan no Proxecto de Interese Autonómico así como do viario de servizo do recinto hospitalario, que en ambos casos tamén darán servizo ás áreas urbanizadas da contorna do hospital.

**SEGUNDO.**

En relación coa execución dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade que se definan no Proxecto de Interese Autonómico así como do viario de servizo do recinto hospitalario, que en ambos casos tamén darán servizo ás áreas urbanizadas da contorna do hospital, o convenio previa que se realizase conforme ás seguintes anualidades:

| **EXECUCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN E INFRAESTRUTURAS NECESARIAS PARA OS ACCESOS E CONEXIÓNS VIARIAS AO NOVO HOSPITAL** | | |
|---|---|---|
| ANUALIDADE 2023 | ANUALIDADE 2024 | ANUALIDADE 2025 |
| 1.000.000 € | 8.000.000 € | 16.400.000 € |
| | TOTAL ACTUACIÓN | 25.400.000 € |

Sen embargo, o estado da tramitación do procedemento de licitación do contrato para a redacción do proxecto e execución das obras require a modificación do convenio co fin de adecuar as

anualidades á execución do contrato, o que suporá un reaxuste das anualidades inicialmente previstas e o seu incremento, de xeito que se amplían ata 2026.

De acordo co exposto, as partes estiman convinte formalizar esta addenda coas seguintes

**CLÁUSULAS:**

<u>**PRIMEIRA**</u>. ***Modificación da CLAUSUAL CUARTA. Actuación relativa á execución das obras de urbanización e infraestruturas necesarias para os accesos e conexións viarias ao novo hospital.***

Modifícanse os apartados B) e C) da CLUSULA CUARTA do convenio que quedan redactados como segue:

"**B) Réxime económico aplicable para esta actuación.**

Son obxecto de financiamento en relación con este proxecto, segundo o indicado na cláusula segunda e no anexo I deste convenio, tanto os contratos de obra coma os contratos de asistencia técnica necesarios para as obras referidas.

O custo total estimado desta actuación é de 25.400.000 € (IVE Incluído) segundo o orzamento do proxecto de trazado aprobado provisionalmente.

Consonte co acordado na Comisión de Seguimento do Convenio marco, de 14 de marzo de 2023, o Concello da Coruña asumirá o custo da execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital, así coma os contratos de servizo complementarios do mesmo, consonte a súa definición no proxecto de interese autonómico que se aprobe, ata un máximo de 22.220.000 €. O financiamento realizarase con cargo aos orzamentos do Concello da Coruña de acordo coas seguintes anualidades:

- 2023: 50.000 €
- 2024: 8.000.000 €
- 2025: 10.000.000 €
- 2026: 4.170.000 €

**C) Compromisos do Servizo Galego de Saúde.**

O Servizo Galego de Saúde comprométese a :

- Licitar, adxudicar, executar e dirixir as obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital, así coma os contratos de servizo complementarios do mesmo, consonte a súa definición no proxecto de interese autonómico que se aprobe.
  O Servizo Galego de Saúde financiará a achega correspondente ao Concello da Coruña no exercicio 2023, con cargo a aplicación orzamentaria 5001 412A 6211:

  2023: 50.000

  Dita cantidade será reintegrada polo Concello no primeiro trimestre do ano 2024, de acordo co disposto no apartado E) desta cláusula.

- Abonar as facturas mensuais emitidas polas empresas contratistas. No exercicio desta función será de aplicación la Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Recepcionar as obras realizadas dos accesos e conexións viarias ao novo hospital, de conformidade co artigo 243 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

  Este acto de recepción poderá comprender tamén recepcións parciais de aquelas partes de obra que poidan ser entregadas ao Concello da Coruña para a súa posta a disposición ao uso público, cando a súa execución fora realizada por fases.

  Unha vez producido o acto formal de recepción, total ou parcial, das obras polo Servicio Galego de Saúde, este o porá en coñecemento do concello da Coruña, formalizando a entrega das mesmas mediante a correspondente acta, determinando o nacemento das obrigas asumidas por cada unha das partes neste convenio, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras.

- Encomendar, no seu caso, a execución de calquera destas actuacións aos organismos competentes da Comunidade Autónoma, nomeadamente á Axencia Galega de Infraestruturas.

- Tramitar o expediente de cambio de titularidade en favor do concello dos accesos e rede viaria que resulten da execución desta actuación.

- Financiar as cantidades que excedan da aportación do Concello para o financiamento das obras e os contratos de servizo complementarios para a súa execución, así como modificados, complementarios, liquidacións, revisións de prezos, no seu caso, e demais incidencias con contido económico que xurdan durante a execución das obras e os servizos, con cargo á aplicación orzamentaria 5001 412A 6211:

  2026: 3.180.000 €”

**SEGUNDA. Modificación do *ANEXO I RÉXIME ECONÓMICO DAS ACTUACIÓNS***

Modificase o ANEXO I do convenio, que queda redactado como segue:

**ANEXO I**

**RÉXIME ECONÓMICO DAS ACTUACIÓNS**

| ADQUISICIÓN DE TERREOS NOVO HOSPITAL E ACCESOS | |
|---|---|
| | |
| ANUALIDADE 2023 | ANUALIDADE 2024 |
| 15.000.000 € | 2.000.000 € |
| TOTAL ACTUACIÓN | 17.000.000 € |

**EXECUCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN E INFRAESTRUTURAS NECESARIAS PARA OS ACCESOS E CONEXIÓNS VIARIAS AO NOVO HOSPITAL**

| ANUALIDADE 2023 | ANUALIDADE 2024 | ANUALIDADE 2025 | ANUALIDADE 2026 |
|---|---|---|---|
| 50.000 € | 8.000.000 € | 10.000.000€ | 7.350.000 € |
| | TOTAL ACTUACIÓN | 25.400.000 € | |

**TERCEIRA. Publicidade**

A sinatura desta addenda suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten na addenda, e mailo resto de especificacións contidas nesta, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

E, en proba de conformidade con canto antecede, asinan a presente addenda ao convenio na data indicada na sinatura electrónica.

O Conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde
Julio García Comesaña

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade e presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas
Ethel María Vázquez Mourelle

A alcaldesa da Coruña
Inés Rey García

**Intervencións**

**Presidencia**

Remata aquí a Parte Resolutiva. Pasamos á Segunda Parte Non Resolutiva, Control e Seguimento da Xestión.

Señor Secretario.

**Señor Secretario**

**II. PARTE NON RESOLUTIVA. CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN:**

**111. Toma de coñecemento:**

1º. Das resolucións da Xunta de Goberno

***Intervenciones***

***Presidencia***

*Termina aquí la Parte Resolutiva. Pasamos a la Segunda Parte No Resolutiva, Control y Seguimiento de la Gestión.*

*Señor Secretario.*

***Señor Secretario***

***II. PARTE NO RESOLUTIVA. CONTROL Y SEGUIMIENTO DE LA GESTIÓN:***

***111. Toma de conocimiento:***

*1º. De las resoluciones de la Junta de*

Local, desde a número dezaseis mil douscentos setenta e cinco (16.275), do catro de setembro de dous mil vinte e tres, á número do dezaoito mil oitocentos setenta e un (18.871) de trinta de setembro de dous mil vinte e tres.

*Gobierno Local, desde a número dieciséis mil doscientos setenta y cinco (16.275), de cuatro de septiembre de dos mil veintitrés, a la número del dieciocho mil ochocientos setenta y uno (18.871) de treinta de septiembre de dos mil veintitrés.*

2º. Dos decretos da Alcaldía, desde o número seis mil vinte e oito (6.028) de catro de setembro de dous mil vinte e tres, ao número seis mil seiscentos trinta e nove (6.639), do trinta de setembro do dous mil vinte e tres.

*2º. De los decretos de la Alcaldía, desde el número seis mil veintiocho (6.028) de cuatro de septiembre de dos mil veintitrés, al número seis mil seiscientos treinta y nueve (6.639), de treinta de septiembre del dos mil veintitrés.*

A continuación, mocións, rogos e preguntas.

*A continuación, mociones, ruegos y preguntas.*

**2º. Mocións**

***2º. Mociones***

**Presidencia**

Moitas grazas.

Pasamos xa ó debate das mocións e iniciamos este debate cunha moción conxunta presentada polo PSdeG-PSOE, Partido Popular e Bloque Nacionalista Galego de apoio á dignificación dos e das profesionais da avogacía e da procuradoría en relación coa súa protección social.

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

*Pasamos ya al debate de las mociones e iniciamos este debate con una moción conjunta presentada por el PSdeG-PSOE, Partido Popular y Bloque Nacionalista Galego de apoyo a la dignificación de los y de las profesionales de la abogacía y de la procuraduría en relación con su protección social.*

**MOCIÓN CONXUNTA PRESENTADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE, PARTIDO POPULAR E BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.**

***MOCIÓN CONJUNTA PRESENTADADA POR LOS GRUPOS MUNICIPALES DE LOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE, PARTIDO POPULAR Y BLOQUE NACIONALISTA GALEGO***

**Moción de apoio á dignificación dos e das profesionais da avogacía e da procuradoría en relación coa súa protección social.**

***Moción de apoyo a la dignificación de los y de las profesionales de la abogacía y de la procuraduría en relación con su protección social.***

**Presidencia**

Aproveito para dar a benvida a este salón

***Presidencia***

*Aprovecho para dar la bienvenida a este*

de plenos aos compañeiros e compañeiras do Ilustre Colexio Provincial de Avogados da Coruña, así como tamén ás compañeiras e compañeiros do Colexio de Procuradores. Sexan benvidos e benvidas a este pleno. **(Aplausos na tribuna de convidados**).

Non se pode aplaudir, xa llo dixen na entrada. Son vostedes absolutamente indisciplinados. Señor Maquieira, non se pode aplaudir no Salón de Plenos, igual que non se aplaude en Sala. Xa sei que é mais proclive este debate a aplaudir que os da Sala, pero non podemos aplaudir.

Comezará o debate o Bloque Nacionalista Galego, despois o Partido Popular e a continuación o Grupo de goberno. Moitas grazas.

Señor Soto, ten a palabra.

**Señor Soto Díaz**

Bueno, bo día ás persoas asistentes, tamén ás traballadoras e traballadores da prensa y ó persoal deste concello.

Ben, eu, como seguramente moitos sabedes, dedícome a formar xuristas dende hai xa mais de 10, de nove anos, perdón, nesta cidade, e antes diso tamén traballei en despachos de avogacía e en despachos da procura, así que son moi consciente da degradación das condicións profesionais de o exercicio destas profesións. Ademais, teño moitas amizades coas que falei estes días.

Ben, considero que é necesario sinalar antes de nada os responsábeis da situación da que imos vir falar hoxe. Por unha banda, están os responsables políticos que optaron por excluír do réxime dos traballadores autónomos os

*salón de plenos a los compañeros y compañeras del Ilustre Colegio Provincial de Abogados de A Coruña, así como también a las compañeras y compañeros del Colegio de Procuradores. Sean bienvenidos y bienvenidas la este pleno.* ***(Aplausos en la tribuna de invitados****).*

*No se puede aplaudir, ya se lo dije en la entrada. Son ustedes absolutamente indisciplinados. Señor Maquieira, no se puede aplaudir en el Salón de Plenos, igual que no se aplaude en Sala. Ya sé que es más proclive este debate a aplaudir que los de la Sala, pero no podemos aplaudir.*

*Comenzará el debate el Bloque Nacionalista Galego, después el Partido Popular y a continuación el Grupo de gobierno. Muchas gracias.*

*Señor Soto, tiene la palabra.*

***Señor Soto Díaz***

*Bueno, buenos días a las personas asistentes, también a las trabajadoras y trabajadores de la prensa y al personal de este ayuntamiento.*

